

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ITALIANO 2023-2024

DEP. ITALIANO VIVEIRO

ASDO.: BERTA M^a SANTIAGO LAGO
XEFA DE DEPARTAMENTO

ASDO.: RAÚL FERNÁNDEZ BUGALLO
(profesor sustituto de Doña Angélica Maxi Saborido)

ÍNDICE	
CONTIDOS	PÁXINA
1. INTRODUCCIÓN	6
1.1. Marco legal	
1.2. Contexto educativo	
1.3. Características do departamento	
2. METODOLOXÍA	7
3. RECURSOS	10
3.1. Humanos	
3.2. Físicos	
3.3. Materiais	
4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	17
5. AVALIACIÓN	18
5.1. Avaliación inicial	
5.2. Avaliación formativa	
5.3. Avaliación de promoción ou sumativa	
5.4. Avaliación certificadora	
5.5. Auto avaliación	
6. NIVEL BÁSICO	25
6.1. Descrición do nivel. Obxectivos	
6.2. Obxectivos específicos	26
Actividades de comprensión de textos orais	
Actividades de produción e coprodución de textos orais	
Actividades de comprensión de textos escritos	
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	
Actividades de mediación	
6.3. Competencias e contidos	26
Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos	
Competencias e contidos estratéxicos	
Competencias e contidos funcionais	
Competencias e contidos discursivos	
Competencias e contidos sintácticos	
Competencias e contidos léxicos	
Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos (para as actividades de lingua orais) e orto tipográficos (para as actividades de lingua escrita)	
6.4. Avaliación	34
Criterios de avaliación para a comprensión de textos orais	
Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos orais	
Criterios de avaliación para a comprensión de textos	

<p>escritos</p> <p>Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Criterios de avaliación para a mediación</p> <p>Mínimos esixibles en A1 e A2</p> <p>6.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación (ved. p. 19)</p> <p>6.5. Temporalización</p> <p>6.5.1. A1</p> <p>6.5.2. A2</p> <p>6.6. Materiais</p>	<p>35</p> <p>36</p> <p>41</p> <p>42</p>
<p>7. NIVEL INTERMEDIO B1</p> <p>7.1. Descrición do nivel B: Obxectivos xerais B1</p> <p>7.2. Obxectivos específicos B1</p> <p>Comprensión de textos orais</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Mediación</p> <p>7.3. Competencias e contidos B1</p> <p>Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>Competencias e contidos estratéxicos</p> <p>Competencias e contidos funcionais</p> <p>Competencias e contidos discursivos</p> <p>Competencias e contidos sintácticos</p> <p>Competencias e contidos léxicos</p> <p>Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos (para as actividades de lingua orais) e orto tipográficos (para as actividades de lingua escrita)</p> <p>7.4. Avaliación B1: criterios</p> <p>Criterios de avaliación para a comprensión de textos orais</p> <p>Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos orais</p> <p>Criterios de avaliación para a comprensión de textos escritos</p> <p>Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Criterios de avaliación para a mediación</p> <p>Mínimos esixibles en B1</p>	<p>43</p> <p>43</p> <p>44</p> <p>46</p> <p>51</p> <p>52</p>

7.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación (ved. p. 19)	53
7.5. Temporalización	54
7.6. Materiais	54
	60
8. NIVEL INTERMEDIO B2	61
8.1. Descrición do nivel B2: Obxectivos xerais B2	61
8.2. Obxectivos específicos B2	62
Comprensión de textos orais	
Produción e coprodución de textos orais	
Comprensión de textos escritos	
Produción e coprodución de textos escritos	
Mediación	
8.3. Competencias e contidos B2	65
Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos	
Competencias e contidos estratéxicos	
Competencias e contidos funcionais	
Competencias e contidos discursivos	
Competencias e contidos sintácticos	
Competencias e contidos léxicos	
Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos (para as actividades de lingua orais) e orto tipográficos (para as actividades de lingua escrita)	
8.4. Avaliación B2: criterios	70
Criterios de avaliación para a comprensión de textos orais	
Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos orais	
Criterios de avaliación para a comprensión de textos escritos	
Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos escritos	
Criterios de avaliación para a mediación	
Mínimos esixibles en B2	72
8.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación (ved. p. 19)	73
8.5. Temporalización	73
8.5.1. B2.1	
8.5.2. B2.2	73
8.6. Materiais	80
	81

9. NIVEL AVANZADO C1	86
9.1. Descripción do nivel C1: obxectivos xerais	82
9.2. Obxectivos específicos	83
Comprensión de textos orais	
Producción e coprodución de textos orais	
Comprensión de textos escritos	
Producción e coprodución de textos escritos	
Mediación	
9.3. Competencias e contidos	86
Competencias e contidos socioculturais e sociolingüísticos	
Competencias e contidos estratéxicos	
Competencias e contidos funcionais	
Competencias e contidos discursivos	
Competencias e contidos sintácticos	
Competencias e contidos léxicos	
Competencias e contidos fonéticos e fonolóxicos (para as actividades de lingua orais) e orto tipográficos (para as actividades de lingua escrita)	
9.4. Avaliación: criterios	89
Criterios de avaliación para a comprensión de textos orais	
Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos orais	
Criterios de avaliación para a comprensión de textos escritos	
Criterios de avaliación para a produción e coprodución de textos escritos	
Criterios de avaliación para a mediación	91
Mínimos esixible en C1	96
9.4.1. Tipos de avaliación (ved. p. 19)	93
9.5.1. Temporalización C1.1.	93
9.5.2. Temporalización C1.2.	97
9.6. Materiais	102
10. Actividades Extraescolares	107

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal

A presente programación baséase no seguinte corpus legal:

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Neste establécese que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, aos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1 e C2.

O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.

A resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2021/22.

A Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.

1.2. Contexto educativo

A Escola Oficial de Idiomas de Viveiro é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dedicado á ensinanza de idiomas para adultos.

A súa sede central atópase na vila de Viveiro, na que viven preto de 15.500 persoas, e situada no Celeiro, porto pesqueiro da cidade.

Para satisfacer as necesidades do territorio conta ademais cunha sección en Burela (IES Monte Castelo) onde se imparte inglés.

O centro ten un horario de apertura en período lectivo, de 10.00 a 14.00 e de 16:00 a 22:00

-pechando a tarde do venres- ao longo do cal se imparten ensinanzas de Alemán, Francés, Inglés e Italiano, dos niveis básico, intermedio, avanzado C1 e C2, este último non consolidado para todas as linguas.

A nosa ensinanza está destinada a maiores de 14 anos e non é obrigatoria; a maioría do alumnado asiste por vontade propia e non condicionado -salvo raras excepcións- por unha necesidade de emprego da lingua en ámbito laboral. A maioría do noso alumnado compaxina os estudos de idiomas con obrigas de carácter formativo, laboral ou familiar. Por outra banda, o feito de que as Ensinanzas de Idiomas non sexan obrigatorias e de que o alumnado decida asistir por vontade propia garante un bo clima de convivencia.

Destaca a heteroxeneidade no tocante á ocupación, á formación e á motivación.

Lonxe de representar un hándicap tal diversidade contribúe ao enriquecemento socio-cultural da nosa comunidade escolar e referenda o espírito aberto e singular da nosa vila.

1.3. Características do departamento

O departamento de Italiano da Escola Oficial de Idiomas de Viveiro oferta na actualidade oferta os niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e o ciclo completo do nivel avanzado:

O alumnado é pouco mais moi namorado da lingua. Neste curso contamos con dúas docentes (unha delas asignada como media praza), ambas provisionais.

O noso departamento tentará de promocionar a lingua e a cultura italianas como vehículo de enriquecemento social, tanto na escola coma nos espazos públicos da nosa cidade. Por iso organizaremos e fomentaremos a participación do noso alumnado e de todas as persoas interesadas en actividades culturais e sociais de aprendizaxe tanto nas aulas coma fóra delas.

Ademais colaboraremos e proporemos actividades de formación permanente do profesorado que aseguren unha aprendizaxe continúa que redunde nunha mellora do noso labor didáctico.

2. METODOLOXÍA

De seguido presentamos os procedementos que aplicaremos para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Consideramos elementos clave:

- A perspectiva de uso do idioma para ensinalo e aprendelo; seleccionaremos os contidos segundo a súa funcionalidade e a casuística, o nivel de lingua ou as necesidades e intereses específicos do alumnado, así como pola súa pertinencia e relación co contexto no que vivimos;
- O fomento do emprego do italiano como vehículo de comunicación na aula e nos contextos externos nos que se relacionan as persoas que aprenden, tanto entre elas como coa docente e de ter vontade con nativos;

- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento de actividades prácticas de lingua significativas para o contexto escolar, profesional ou persoal do alumnado: fixaremos proxectos globais acordados co alumnado, motivadores e útiles para elaborar o seu portafolios lingüístico. Así mesmo, estableceremos tarefas finais e parciais que reproduzan contextos de actuación real na lingua meta, que impliquen o reemprego dos contidos e estratexias aprendidos, e que contribúan ao desenvolvemento de posibles proxectos finais e na medida en que o permitan a elaboración de produtos;

- O fomento da autonomía do alumnado a través de propostas didácticas que impliquen a inferencia dos contidos e a asimilación de técnicas, o emprego de recursos e as estratexias individuais para facilitar a aprendizaxe do idioma. Así mesmo, a promoción do traballo en grupo, entre iguais, para reforzar a aprendizaxe individual e a resolución de tarefas.

O desenvolvemento do curso dependerá do grao de autonomía e compromiso do alumnado, da súa capacidade de apertura para familiarizarse co emprego das entornas dixitais de aprendizaxe aulas virtuais Moodle, aulas Cesga, blogs de tipo 2.0 ou calquera outra plataforma que enriqueza a súa competencia dixital e lingüística, mais tamén da proposta e deseño dos materiais elaborados e ofertados polas docentes do departamento e as achegas derivadas da colaboración do mesmo co resto de departamentos de Galicia.

O obxectivo principal das nosas aulas vai ser a comunicación e a adquisición das características adecuadas ao contexto sociolingüístico e sociocultural no que imos empregar a lingua meta. Empregaremos desde o principio do curso o italiano como lingua vehicular, favorecendo a recreación dun contexto . Evitamos o emprego das linguas propias (galego, castelán ou outras) minimizando a tradución e a interferencia da lingua nai co italiano. xa que son linguas moi próximas. Porén, servíronos de imaxes, indicacións físicas ou xestualidade e de exemplos contextualizados para mostrar significados e tamén da simplificación estrutural para adaptar o contido ás posibilidades expresivas dos e das aprendentes. Deste xeito, traballamos contidos funcionais e estratéxicos necesarios na expresión do idioma. Alén diso, empregaremos outras linguas estranxeiras ou as propias para realizar tarefas de mediación na aula. Así integramos unha ampla variedade de destrezas: actividades de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas para levarmos a cabo as distintas tarefas comunicativas.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, revisaremos a nosa metodoloxía a través da formación permanente e orientando o alumnado para que sexa o actor principal da súa aprendizaxe. Calquera método, medio ou material didáctico empregado na aula ou fóra dela debe resultar motivador para acadar unha aprendizaxe significativa.

Desde o noso departamento, apostamos tamén por **modalidades de ensino flexibles e adaptadas ao contexto**. O ensino en rede e recursos TIC que comezamos a empregar en marzo do 2020 por mor da pandemia COVID-19, estarán presentes no curso presencial para alfabetizar, familiarizar e educar o alumnado no ensino dixital. Integramos o emprego da aula virtual, a videoconferencia para titorías ou prácticas didácticas, recursos TIC sinxelos para dispositivos móbiles ou espazos virtuais comúns para favorecer a construción dunha contorna virtual de aprendizaxe flexible e colaborativa. Ensinaremos o noso alumnado a empregar estes recursos, tendo sempre en conta os distintos niveis no uso das TIC, buscando simplificar ao máximo o número de ferramentas empregadas e asegurándonos da accesibilidade e comprensión dos contidos propostos a través destas ferramentas.

Por iso, durante o curso empregaremos como recurso de apoio, integrado nas nosas aulas presenciais **a aula virtual corporativa Moodle** para desenvolver actividades de aprendizaxe na aula, tarefas de auto aprendizaxe fóra da aula ou de tarefas libres para a práctica do idioma. A esta aula poderemos vincular contidos e tarefas ao redor doutros recursos en rede empregados: outras aulas virtuais como Cesga, blogs (Blogger), newsletters (Smore), infograffias ou contidos interactivos (Genially), redes sociais (Edmodo, Facebook). A esta aula virtual engadiremos o manexo de aplicacións de videoconferencia que empregaremos para titorías co alumnado ou para desenvolver actividades a distancia ou con persoas externas que participen nas actividades presenciais como conferenciantes ou colaboradores. Para isto empregaremos a aplicación corporativa **Webex Meetings**, a ferramenta de videoconferencia que ofrece Moodle, **Big Blue Button** ou, no seu defecto, calquera outra plataforma de encontro que resulte axeitada e doada para o alumnado e posibles interlocutores.

Co obxectivo de aproveitar ao máximo a funcionalidade das mesmas as titorías co alumnado realizaranse con cita previa a través dunha mensaxe de correo electrónico á docente responsable do curso ou polo servizo de mensaxería da aula virtual, expoñendo a consulta ou dúbida que se queira tratar, para así fixar a data e preparar materiais adecuados e personalizados para o alumnado en cuestión.

Daremos prioridade ademais a seguir formándonos na xestión das emocións e no fomento de habilidades sociais entre o alumnado, as compañeiras docentes e todo o persoal da comunidade educativa, xa que, na situación de crise e cambio que vivimos as condutas e actitudes disruptivas na aprendizaxe son frecuentes e comprensibles.

Insistiremos sempre en promover a autonomía do alumnado para mellorar a súa competencia e na eficacia do traballo colaborativo para a aprendizaxe, propoñendo actividades de grupo (tarefas e avaliación).

O sistema de avaliación exporase de xeito claro para o alumnado desde o comezo do curso e nos momentos previos ás probas. Aplicaranse os criterios e procedementos descritos no epígrafe 5 desta programación.

A secuenciación dos contidos do programa para o traballo do alumnado e profesorado fíxase segundo os cursos, mais sempre se adaptará e modificará segundo a situación, ás

necesidades e ao requirido nas aulas, restrinxindo o concepto de mínimos imprescindíbeis as estratexias e habilidades que figuran na descrición holística de cada nivel. Aplicaremos sempre a máxima de “menos é máis”; é mellor levar adiante poucos proxectos pero asegurarnos de que estean ben feitos, que tentar abarcar a enteira casuística dos contidos formais. Neste sentido, centrarémonos na adquisición de estratexias que poidan ser aplicadas na resolución de tarefas e actividades significativas e funcionais para o nivel.

3. RECURSOS

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos da programación didáctica e no enfoque comunicativo. O actual cambio no contexto socio-educativo derivado da COVID-19 conleva a recorrer a materiais dixitais e interactivos que faciliten a ampliación dos espazos de aprendizaxe e do acto formativo.

Por iso e vendo a demanda de horarios flexibles e o tempo reducido para asistencia ás aulas da xente adulta, ofertaremos unha repostaría virtual con material de reforzo, sobre todo polo que respecta aos niveis B e C, e cun especial coidado na selección de textos para que sexan representativos das probas finais.

Ademais, continuaremos a empregar recursos auténticos ou adaptados, tamén e especialmente nos niveis iniciais, para mostrar situacións reais de uso do idioma. Para isto botaremos man, en primeiro lugar, das aulas virtuais e recursos en rede útiles para a auto aprendizaxe (blogs, webs con recursos, canais de radio e TV, Youtube, podcasts...). No nivel inicial A1-A2 e no intermedio B1 empregaremos tamén libros de texto como guía e manual de auto aprendizaxe e práctica do alumnado.

Tendo en conta a situación de emerxencia e crise ambiental restrinxiremos na medida do posible o emprego de papel e fotocopias, que se facilitarán en formato dixital, sempre que sexa posible. Así mesmo, faremos e concienciaremos ao alumnado cun emprego responsable da enerxía (luz, auga, calefacción) en consonancia coa idea de crear unha escola máis ecolóxica e sostible.

Os libros en papel, publicacións periódicas e material audiovisual seguirán estando dispoñibles na biblioteca da escola, nas aulas de clase e tamén no departamento, para satisfacer a demanda e necesidades do alumnado. Porén insistiremos no coidado e devolución de todo o material para garantir a súa conservación e o uso común do mesmo.

Xunto con estes recursos materiais, as docentes do departamento buscaremos a colaboración de persoas italianas nativas nas aulas para crear situacións auténticas de aprendizaxe e motivar o alumnado no progreso e adquisición de habilidades no idioma.

Así, iremos construíndo as unidades didácticas co fío condutor dalgún manual (nos niveis A1-A2 e B1) pero sempre sen perder de vista as necesidades e escollas do alumnado do grupo.. Ampliaremos e trataremos tarefas e temas tamén con material propio para complementar ou ampliar contidos. Para isto empregaremos diferentes libros de texto, manuais de actividades lingüísticas específicas ou materiais auténticos orixinais ou adaptados de distintas fontes.

3.1. Humanos

Neste curso, o cadro de persoal docente do noso departamento está formado por:

- **María Angelica Maxi Saborido**, docente responsable dos cursos C1.2 e B1. Elaborará tarefas de avaliación, administrará e avaliará probas tanto unificadas como de fin de unidade temática, colaborando así co traballo do departamento e ademais realizará dúas horas de garda de biblioteca, unha delas orientada ao fomento da lectura na lingua meta e á probable xestión dun grupo de lectura.

Contacto: mmsaborido@edu.xunta.gal

Horas de titoría: Martes de 12:00 a 12:30

- **Berta M^a Santiago Lago**, docente responsable dos niveis básico A1, A2 e dos grupos de intermedio B2.1 e B2.2. É a xefa de departamento e coordina as tarefas relativas ás probas de certificación. Elaborará tarefas de avaliación, administrará e avaliará probas tanto unificadas como de fin de unidade temática. Ademais será a responsable TIC do departamento, coordinando e estudando accións para favorecer a adquisición dunha maior competencia dixital do alumnado e do profesorado deste departamento.

Contacto: bertasantiago@edu.xunta.gal

Horas de titoría: Martes de 20:00 a 21:00

O departamento contou o ano pasado cunha asistente lingüística do Genovese, experiencia que valoramos moi positivamente e gustaríamos de repetir de resultar posible.

Tentaremos de todos xeitos de integrar o discurso organizando na aula actividades que impliquen comunicar con nativos ou iguais -aprendentes- de xeito natural, sobre argumentos e/ou con estruturas meta do propio nivel.

De tales encontros deixarase o seguinte *feedback* ao departamento:

- Sesión
- Duración
- Interlocutor
- Forma de comunicación e medios empregados

Argumentos tratados

Relación dos mesmos co currículo de ensino da actividade

Estruturas e/ou competencias favorecidas/ reforzadas durante a práctica

Rol do alumnado durante a práctica

Avaliación da actividade por parte da docente, do alumnado e, de ser posible, do/a interlocutor/a ou conferenciante

3.2. Físicos

Os grupos de italiano contan con 2 aulas da escola, a 1 e a 2; esta última está enteiramente dedicada a italiano polo que as actividades comúns e reunións teranse na mesma. A dotación das aulas é completa tanto no relativo ao mobiliario como polo que respecta a aquela técnica: ordenador, proxector, conectores auxiliares para entrada de micro e saída doutros dispositivos, encerado dixital. Ademais, estas aulas dispoñen dunha boa situación (a carón da biblioteca e da porta de ingreso). As docentes comprométense a adaptar tales espazos ás necesidades específicas que poida manifestar o alumnado para que contribúan á creación dunha atmosfera cómoda e relaxada que favoreza a aprendizaxe.

Nas aulas dos cursos contarase con materiais de aprendizaxe: dicionarios en papel, gramáticas, libros de consulta, revistas e publicacións periódicas e pequenas bibliotecas para o traballo na aula, así como a promoción da lectura entre o alumnado. Tales materiais serán os que acheguen tanto o centro como as docentes pola súa conta, sendo interesante o fomento dun *bookcrossing* italiano.

Alén disto, o departamento de Italiano achegara e enriquecerá as aulas cunha variedade de recursos para aprendizaxe e a didáctica: libros de texto, métodos de destrezas, manuais de consulta, libros sobre a cultura italiana, folletos turísticos, documentos reais (publicidade varia, documentos postais, fanciñas, pósters, calendarios...), material audiovisual, mapas, recursos dixitais e materiais didácticos realizados ao longo dos anos polo profesorado. Alén destes recursos físicos, imos elaborando unha lista de materiais e recursos de aprendizaxe en rede durante o curso do que se informa nas aulas. Así, o alumnado poderá consultar coas docentes materiais en rede, que poderán estar dispoñibles nos espazos abertos virtuais que consideren pertinentes e funcionais.

Alén disto, na **biblioteca da escola** o alumnado de Italiano dispón dunha variedade de materiais útiles para a auto aprendizaxe: lecturas adaptadas e non adaptadas, ensaios, libros de consulta (arte, historia, música, ciencias, dicionarios), banda deseñada, guías de viaxe, de traballos manuais, libros de texto, audiolibros, atlas históricos e xeográficos, receitairos e unha pequena biblioteca de cine e audiovisual contemporáneo con obras dalgúns dos autores máis representativos. O departamento tentará este ano de renovar o fondo da biblioteca e elaborará enquisas para recoller suxestións.

O catálogo de recursos da biblioteca está dispoñible en rede neste enlace:

Acceso: [Código LEJ001](#)

Aquí o link ao seu instagram: https://www.instagram.com/biblioteca_eoi_viveiro/

A **aula multimedia** da escola dispón dun amplo equipamento para desenvolver actividades en liña, de auto aprendizaxe ou de prácticas en grupo co alumnado.

Ademais destes recursos, o departamento terá en conta as actividades desenvoltas en italiano ou por persoas italianas na vila ou en lugares próximos para organizar saídas culturais co alumnado ou promover a súa participación nelas.

3.3. Materiais

O profesorado do departamento seleccionará os recursos pertinentes e informará sobre eles nas aulas presenciais e nos espazos virtuais abertos. Non hai manuais obrigatorios establecidos para o actual curso escolar agás para o que respecta ao grupo B1 que mantén o manual do pasado curso escolar.

Entre os materiais que se poderán aconsellar para o reforzo están:

Niveis A

- *Nuovo Contatto A1 – A2*, Rosella Bozzone Costa, Chiara Ghezzi e Monica Piantoni, Loescher editore, 2019. (ISBN: 9788858308646)

Nivel B1

Al Dente 3, M. Birello, S. Bonafaccia, F. Bosc, G. Licastro, A. Vilagrasa, Casa delle Lingue, 2019. (ISBN: 9788416943302)

Os cursos dos niveis B2 e C1 non teñen un libro de texto específico xa que non se corresponden enteiramente co noso currículo. Porén o departamento ten como referencia os seguintes manuais para a elaboración das unidades e secuencias didácticas dos cursos:

Nivel B2.1

- *Dieci lezioni di italiano. Corso di lingua italiana per stranieri*, Alma edizioni (ISBN: 9788861826885)
- *Il Balboni B1. Corso comunicativo di italiano per stranieri*. Bonacci editore (ISBN: 9788820128388)

- *Universitalia 2.0*. Alma Edizioni.

Nivel B2.2

- *Nuovo Espresso 4*, Maria Balì e Irene Dei, Alma edizioni (ISBN: 9788861825055)
- *Il Balboni B2. Corso comunicativo di italiano per stranieri*. Bonacci editore (ISBN: 9788820128579)
- *Bellissimo B2 – C1*, A. De Marco–M. Palumbo–E. Paone, Eli edizioni (ISBN: 9788853624963)

Nivel C1.1:

Este ano non temos alumnado inscrito no nivel C1.1. Porén aconséllase ao alumnado que queira promover un traballo libre da materia – con miras a unha posible reasignación para o próximo curso escolar- con o manual

- *Nuovo Espresso 5*, Masei, Giorgio e Bellagamba, Rosella. Alma Edizioni (ISBN: 9788861825062)
- Para completar a preparación do nivel aconséllase, a maiores, a parte do Nuovissimo Progetto Italiano 4, Edilingua, que mantén relación temática e contencutística co currículo descrito para o mesmo.

Nivel C1.2:

- *Nuovo Contatto C1. Corso di lingua e civiltà italiana per stranieri*, Rosella Bozzone Costa, Chiara Ghezzi e Monica Piantoni, Loescher editore. (ISBN: 9788858303108)
- *Bellissimo B2 – C1*, A. De Marco–M. Palumbo–E. Paone, Eli edizioni (ISBN: 9788853624963)
- *Nuovissimo Progetto Italiano 4. Corso di lingua e civiltà italiana C2*, Maria Angela Cernigliaro – Telis Marin, Edilingua, 2022 (ISBN: 9791259801142)

- Encerados e libros dixitais dos manuais citados enriba e doutros.

- Contornas virtuais: **aula Moodle** (<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoiviveiro/aulavirtual/>), correos electrónicos do alumnado e docentes, espazos virtuais autónomos dos grupos noutras plataformas, ademais do ofrecido pola aula Moodle, segundo as súas preferencias (Google Drive ou aula Cesga), blogs do alumnado (Blogger), plataformas e recursos de aprendizaxe ofrecidos por plataformas abertas ou de editoriais: canles / vídeos de Youtube gratuítos.

O emprego de Moodle non será obrigatorio xa que os cursos ofertados son de modalidade presencial.

Plataformas das editoriais de referencia para o departamento

Loescher editore: <https://ddi.loescher.it/italiano-per-stranieri>

Casa delle Lingue: <https://www.cdl-edizioni.com/downloads-per-studenti/>

Alma edizioni: <https://www.almaedizioni.it/it/>

Edilingua: <https://www.edilingua.it/>

- Fragmentos de series / películas e música entendidos como texto auténtico relativo aos contidos das diferentes unidades didácticas.

- Dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros a disposición do alumnado nas aulas físicas, na biblioteca, no departamento ou a través de aulas ou plataformas virtuais.

Diccionarios en rede:

Il Nuovo De Mauro: <https://dizionario.internazionale.it/>

Treccani: <http://www.treccani.it/vocabolario>

Sabatini – Coletti: https://dizionari.corriere.it/dizionario_italiano/

Garzanti: <https://www.garzantilinguistica.it/ricerca/?q=dizionario>

Olivetti: <https://www.dizionario-italiano.it/>

Gabrielli: http://www.grandidizionari.it/dizionario_italiano.aspx

Italiano <-> español: https://dizionari.corriere.it/dizionario_spagnolo/index.shtml

https://www.grandidizionari.it/dizionario_italiano-spagnolo.aspx?idD=4

Gramáticas en rede:

<https://italianoperstranieri.loescher.it/archivio-di-grammatica.n445>

<http://www.impariamoitaliano.com/>

<https://grammaticaitaliana.net/corso-di-grammatica-italiana-per-stranieri/>

Outros recursos en rede:

Plataforma de actividades en Italiano creada por varias docentes de EOI:

<http://www.italianoaldente.es/>

Recursos e actividades en Italiano da Scuola di Italiano per Stranieri di Roberto Tartaglione e

Giulia Grassi: <http://www.scudit.net/mdindice.htm>

Accademia del Giglio (Firenze), plataforma con actividades varias, moitas delas baseadas en

cançons: <https://www.adgblog.it/>

Blog con textos e actividades para aprendizaxe da lingua e cultura italianas:

<https://www.italianochefatica.it/it/>

O portal da lingua italiano da RAI: <http://www.italiano.rai.it/>

A plataforma informativa de podcasts da RSI (Radiotelevisione Svizzera):

<https://www.rsi.ch/podcast/>

Sitios de radio-televisión e prensa en italiano:

<http://www.radio-italiane.it/>

<http://www.rai.it/>

Podcasts en italiano:

Fa ti la radio RSI: <https://www.rsi.ch/rete-uno/programmi/intrattenimento/fa-ti-la-radio/?f=podcast-shows> Talent show

Decanter: <https://www.raiplayradio.it/programmi/decanter/> Gastronomia e tempo libero

Parole, parole:

<https://www.raiplaysound.it/programmi/paroleparole/>

Podcast para aprender italiano: <https://ilovepodcast.it/2022/01/14/podcast-per-imparare-italiano-i-migliori-da-ascoltare/>

- Aplicacións tecnolóxicas para a aprendizaxe, recursos en liña que se irán facilitando ao longo das unidades traballadas e que se poderán ir consultando nos espazos que para tal fin habilite o departamento.

- Subscricións ou acceso en rede gratuíto a revistas, xornais, newsletters especializadas.

- Materiais creados polo profesorado do departamento facilitados a través das aulas virtuais ou plataformas dixitais varias como blogs ou *newsletters*.

4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É un principio que rexe todo o ensino proporcionar ao alumnado unha educación axeitada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. Procuraremos, na medida en que o permitan os nosos recursos e capacidades, desenvolver medidas flexibles para adaptarnos ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

A diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... pero, sobre todo, nas propias capacidades da persoa: intelectuais, motrices ou sensoriais.

Deste xeito, adaptaremos esta programación do curso atendendo á diversidade:

- observando o alumnado e orientándoo para axeitar materiais didácticos ou realizar, se for necesario, adaptacións específicas segundo as dificultades detectadas nos primeiros meses do curso (problemas auditivos: hipoacusias, problemas visuais, neurofisiolóxicos, de mobilidade, psicolóxicos...);
- adecuando os medios, espazos e actividades didácticas ás habilidades diversas que se detecten nas aulas seguindo as directrices do Equipo de Orientación Específico da Xefatura Territorial;
- avaliando a eficacia das medidas de adaptación desvoltas e solicitando a súa reformulación se o consideramos necesario;
- adaptando as probas formais de avaliación con respecto ao tempo, materiais e recursos segundo as necesidades do alumnado que o requira polas súas condicións específicas;
- a través de titorías individualizadas, con dedicación dunha hora semanal por docente, nas que o alumnado poderá recibir asesoramento persoal sobre o seu progreso, materiais de reforzo e orientacións sobre as estratexias máis axeitadas para progresar na súa aprendizaxe;
- realizando probas de clasificación e re colocacións posteriores do alumnado que queira acceder a un nivel determinado por posuír experiencia ou coñecementos previos no idioma sempre que non estivera matriculado na escola no curso pasado;
- empregando as TIC, como ferramenta esencial de auto aprendizaxe: a aula virtual corporativa Moodle con todas as posibilidades que ofrece: actividades, tarefas, traballos en grupo do alumnado, avaliación e auto avaliación, materiais ou links a recursos textuais, audiovisuais, blogs ou outras plataformas ou redes sociais. Complementada ou vencellada a outros recursos virtuais de aprendizaxe: blogs, newsletters ou redes sociais;
- dotando o fondo de material da Biblioteca do centro con ampla variedade de recursos para practicar o idioma segundo o propio ritmo ou as necesidades de aprendizaxe e promovendo actividades de lectura e na biblioteca que dinamicen este espazo;
- planificando actividades, materiais didácticos e probas de exame (sempre que se solicite adaptación por parte do alumnado) diferenciados segundo ritmos de aprendizaxe;
- graduando a dificultade das actividades (identificación e ampliación, afondamento ou reforzo);
- procurando recursos diferentes que faciliten e se adapten ás necesidades individuais de aprendizaxe do alumnado;

- agrupando o alumnado na aula ou nas contornas virtuais (aula virtual, videoconferencias) do xeito que resulte máis axeitado para poder desenvolver as tarefas e cumprir as funcións comunicativas en colaboración;
- programando as titorías concertadas con antelación co alumnado para traballar e orientar a súa aprendizaxe.

Se somos quen de planificar e desenvolver de xeito efectivo estes propósitos, sen perder de vista atendendo ás necesidades da sociedade actual, contribuiremos a xerar un espazo que se adaptado ao contexto que olle para a diversidade como o que é: o evento que nos facilita crecer na inclusión e no respecto.

5. AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio e propiedade que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

En todos os cursos ordinarios desenvolveranse as seguintes modalidades de avaliación:

- **Avaliación inicial** ou de diagnóstico
- **Avaliación de progreso** ou formativa
- **Avaliación de promoción** ou sumativa
- **Avaliación certificadora**
- **Autoavaliación e avaliación entre iguais**

5.1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha **avaliación inicial do alumnado**. Servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado é un verdadeiro principiante ou non. De detectarmos algunha persoa do nivel A1-A2 cun nivel superior ao requirido, proporémoslle unha **reasignación** ao nivel que lle corresponda. Para isto, a persoa deberá estar de acordo e realizar unha proba de clasificación que determine o seu nivel.

Este mesmo procedemento para baixar ou subir de nivel poderá ser aplicado ao alumnado que accedera por titulación, por probas de certificación, traslado de expediente ou que non estivera matriculado o curso anterior.

Aplicaremos esta avaliación inicial propoñendo tarefas e actividades na aula presencial ou, de ser o caso na aula virtual, para analizar as fortalezas e puntos a traballar do alumnado e programar así actividades que axuden a reparar necesidades detectadas e sobre todo para fomentar no alumnado unha visión de confiada, esperanzadora mais tamén realista das súas competencias e do nivel verdadeiramente acadado en cada destreza de traballo.

Así mesmo, neste curso realizaremos o habitual repaso inicial de contidos en todos os niveis, planificado como unidades introdutorias. Abordaremos aqueles puntos do programa pendentes, referidos polas docentes responsables na memoria final do curso 2022/23 e que se explicitarán na aula ou nas programacións de cadanseu nivel.

5.2. Avaliación de progreso

Ten coma principal característica a súa utilidade formativa, xa que se desenvolve a través dun abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ou de progreso ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). Axuda a orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. Empregaremos distintos tipos de ferramentas formais e informais, cualitativas ou cuantitativas, axeitadas ao contexto e situación en cada momento: rúbricas, avaliación da actividade docente a través de sondaxes e cuestionarios sobre actividades específicas desenvoltas nas aulas ou probas periódicas de competencia lingüística ou doutras actividades de lingua. Con estas actividades o profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e fomentará a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos. Do mesmo xeito, o alumnado informará ao profesorado das deficiencias e actividades máis efectivas para avanzar na súa aprendizaxe.

Alén diso, o profesorado levará a cabo unha avaliación de progreso na aula mediante a **realización de tarefas similares ás do exame final** que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado **en cada unha das cinco destrezas de lingua** (comprensión de lectura, comprensión oral, expresión oral, expresión escrita e mediación). Esta avaliación terá unicamente valor orientador para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

5.3. Avaliacións finais para o superamento dos cursos

5.3.1. Avaliación de promoción ou sumativa: cursos de promoción A1, B2.1, C1.1

Levarase a cabo a través dun exame final **nos cursos non certificadores, è dicir, no presente ano escolar os niveis a1, B2.1 e C1.1** e servirá para determinar se o alumnado foi quen de acadar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo en cada unha das actividades de lingua, recollidas nas distintas partes do exame. Valorarase o aproveitamento da materia por parte do alumnado, conforme aos criterios e procedementos descritos, en xeral, para os cursos destes niveis en todos as escolas de idiomas e para todas as linguas. (Véxanse epígrafes de criterios avaliación A1, B2.1 e C1.1).

No mes de xuño (ou a finais de maio), en convocatoria ordinaria, levarase a cabo esta proba de promoción, nos ditos cursos, que será unificada e elaborada polo Departamento. O alumnado que non supere esa proba poderase presentar á convocatoria extraordinaria na segunda metade de xuño. A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria e o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. Tamén poderá subir nota naquelas actividades de lingua superadas nas que obtivese entre 12,5 e 16,25 puntos.

5.3.1.1. Probas finais de promoción

Os exames nestes niveis están estruturados nas 5 actividades de lingua descritas polo currículo, avaliadas de xeito independente e cun valor de 25 puntos cada unha delas:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- mediación oral e escrita

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrarse, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Porén, de ser preciso, estas tarefas poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, terá que presentarse ás súas dúas partes (oral e escrita) na convocatoria extraordinaria.

A puntuación total destas probas de promoción será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. **Para promocionar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as partes, é dicir 81.25 puntos dos 125 totais.**

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81.25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse na extraordinaria das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16.25 puntos). Neste caso, manterase a cualificación máis alta de ámbalas dúas para o cálculo da nota final.

5.3.2. Avaliación certificadora para os cursos: A2, B1, B2, C1.

Nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel. Serve para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado. O superamento desta proba conlevará a obtención do certificado correspondente **A2** (maio-xuño e finais xuño), **B1** (maio-xuño e finais de xuño), **B2** (principios de xuño e finais de xuño), **C1** (principios de xuño e finais de xuño) e permitirá o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos.

Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas **directrices que establece a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.**

Nestas probas poderá matricularse alumnado libre, que non terá que posuír os certificados dos niveis anteriores. O alumnado libre só terá dereito á convocatoria ordinaria.

5.3.2.1. Probas finais de certificación: A2, B1, B2 e C1.

Probas de certificación nivel básico A2:

Constarán de 4 partes, cada unha delas cun valor máximo de 25 puntos:

- comprensión de textos orais
- produción, coprodución e mediación oral
- comprensión de textos escritos
- produción, coprodución e mediación escrita

Para obter a certificación neste nivel, o alumnado deberá acadar un mínimo de 15 puntos en cada unha destas probas.

Probas de certificación niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1

Teñen a mesma estrutura e sistema de baremo que as probas dos cursos de progreso descritas enriba (epígrafe 5.3.1.1).

Están estruturadas nas 5 actividades de lingua descritas polo currículo, avaliadas de xeito independente e cun valor de 25 puntos cada unha delas:

- comprensión de textos orais
- produción e coprodución de textos orais
- comprensión de textos escritos
- produción e coprodución de textos escritos
- mediación oral e escrita

Esta última actividade de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral administrase, de forma xeral, coas tarefas de produción e coprodución de textos orais, combinándose nunha única proba, así como a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Porén, de ser preciso, estas tarefas poderán extraerse para seren administradas por separado. En todo caso, o alumnado que non superase a actividade de mediación na convocatoria ordinaria, terá que presentarse ás súas dúas partes (oral e escrita) na convocatoria extraordinaria.

A puntuación total destas probas de certificación será de 125 puntos, sumando os 25 puntos de cada unha das súas 5 partes. Para certificar será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua (50%) e, ademais, obter unha puntuación mínima total dun 65% sumando todas as parte, é dicir 81.25 puntos dos 125 totais.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% (81.25 puntos) da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que obtivera menos de 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16.25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

5.4. Auto avaliación e avaliación entre iguais

A auto avaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Auto avaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto

aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias. Con esta finalidade, tanto o profesorado de seu como o departamento avaliarán o proceso de ensino e a propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado,
- a aprendizaxe lograda polo alumnado,
- as medidas de individualización do ensino,
- o desenvolvemento da programación: estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...,
- a idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares,
- a presenza e idoneidade das actividades preparadas polas docentes a imaxe e semellanza das que figuran nas probas finais unificadas do propio nivel
- as necesidades de actualización do profesorado: didáctica, lingüística, metodolóxica...,
- a coordinación da docente co resto do profesorado.
- a utilidade das actividades extraescolares propostas ao longo do curso

Alén de reflexionar sobre a súa aprendizaxe e os logros acadados, o alumnado reforzará a súa aprendizaxe a través da avaliación entre iguais mediante propostas de traballo na aula ou fóra dela: correccións, lecturas ou escoitas de textos producidos por outras persoas, tarxetas de saída e outras ferramentas de auto avaliación rápida ou rúbricas de análise sobre a aprendizaxe e/ou ensino.

5.5. Procedementos de avaliación

Aplicaranse os xa descritos nos anteriores puntos e as ferramentas e protocolos descritos na [circular 8/2019](#) pola que se ditan instrucións para a elaboración de probas de certificación.

Nos cursos de promoción (**A1, B2.1**), tamén poderemos propor a realización de tarefas ou actividades autónomas ao alumnado que terán unha avaliación obxectiva Segundo o curso, o alumnado realizará probas de **certificación** (A2, B1, B2, C1.2) ou de **promoción** (A1, B2.1, C1.1) que se baremarán e cualificarán segundo o fixado nos epígrafes anteriores (5.3.3.)

Os obxectivos das probas e os sistemas de avaliación están en parte descritos na circular 8/2019, recollidos no anterior epígrafe (5.3.1 - 5.3.2) e tamén nos programas de cadanseu nivel.

Todos os procedementos de avaliación garanten a equidade, non discriminación e compensación de desvantaxes. Neste sentido, **o alumnado con necesidades educativas**

especiais contará coas adaptacións necesarias no relativo á duración e condicións de realización das probas de exame, segundo o informe correspondente emitido polo Equipo de Orientación Específico da Xefatura Territorial. Para isto deberán xustificar documentalmente na Secretaría do centro a súa condición específica no momento da formalización da matrícula ou durante o primeiro mes do curso. De maneira excepcional poderanse presentar solicitudes de adaptación se a necesidade ou diversidade funcional se producira de xeito imprevisto ao longo do curso.

5.6. Permanencia máxima do alumnado nos cursos

Regulada na [Circular 3/2020](#), epígrafe 11, no que se di:

“11.1.O alumnado oficial presencial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola normativa vixente. Logo de esgotadas as convocatorias correspondentes, o alumnado non poderá cursar as ensinanzas na modalidade presencial, pero poderá inscribirse na modalidade a distancia ou realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

11.2. Con carácter excepcional, poderase autorizar a ampliación dun ano de permanencia nun nivel en supostos de doenza que perturbe significativamente o desenvolvemento dos estudos ou noutros supostos que merezan igual consideración. Correspóndelle á xefatura territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional outorgar a correspondente autorización, logo da solicitude do alumnado, que irá acompañada de xustificación documental.”

6. NIVEL BÁSICO A1/ A2

6.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1	A2
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen</p>

<p>concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.</p>	<p>intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.</p>
---	---

6.2. Obxectivos específicos

	A1	A2
<p>Actividade de comprensión de textos orais</p>	<p>Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.</p> <p>Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.</p> <p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.</p>	<p>Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p> <p>Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.</p>
<p>Actividade de produción e comprensión de textos orais</p>	<p>Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p>Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p>Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p>Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p>Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p>Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>

	A1	A2
Actividades de comprensión de textos escritos	<p>Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p>Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p>Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p>Comprender información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>	<p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiás.</p> <p>Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.</p> <p>Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>
Actividades de produción e comprensión de textos escritos	<p>Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p>Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p>	<p>Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p>Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p> <p>Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>

	A1	A2
Actividade de mediana	<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p>Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>	<p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.</p> <p>Transmitirle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p>Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.</p> <p>Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiás ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.</p> <p>Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).</p>

6.3. Competencias e contidos

Socioculturais e sociais lingüísticos	Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas.	
	A1	A2
	<p>Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, transporte...</p> <p>Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá</p>	<p>Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p>Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, sanidade, transporte, sistema educativo...</p> <p>Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...</p> <p>Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p>Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, tabús, vestiario...</p>

		A1	A2
Es tra téc ico s		<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan adaptaranse ás características propias do italiano, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
		<p>1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. - Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. - Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). - Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. - Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar. - Planificar a estrutura básica do texto. - Ensañar o texto oral ou escrito. - Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. - Aproveitar os coñecementos previos. <p>2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Probar novas expresións. - Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. - Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. - Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. - Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. - Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. - Comprobar hipóteses. - Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. - Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas. - Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos. 	
Func ionai s		<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
		A1	A2
	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar alguén formal ou informalmente. - Dirixirse a alguén formal ou informalmente. 	<p>Usos sociais da lingua:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saudar e despedirse. - Presentarse ou presentar a alguén. - Dirixirse a alguén formal ou informalmente. - Pedir desculpas. 	

	<ul style="list-style-type: none"> - Pedir desculpas. - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. - Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incomprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar de vagar, soletrear, repetir). - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información sobre datos persoais. - Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. - Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa. - Indicar posesión. - Indicar onde e cando ocorre algo. - Referirse a accións cotiás presentes. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar intereses, preferencias e gustos. - Afirmar e negar algo. - Mostrar acordo e satisfacción. - Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar sensacións físicas e sentimentos. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda, o permiso, obxectos e servizos. - Invitar, e reaccionar adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> - Agradecer. - Felicitar. - Convidar. - Interesarse por persoas. - Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación. - Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. <p>Control da comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifestar comprensión e incomprensión. - Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. - Preguntar o significado dunha palabra ou expresión. - Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <p>Información xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir persoas, obxectos e lugares. - Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. - Expoñer proxectos e formular hipóteses. <p>Opinións e valoracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valorar un feito. - Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. - Expresar coñecemento ou descoñecemento. <p>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar estados de ánimo. <p>Petición de instrucións e suxestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. - Suxerir unha actividade.
Discursivos	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptarse aos tipos de textos en italiano, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>	
	A1	A2

	<p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formularios - Listaxes - Horarios - Billetes e entradas - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Tarxetas profesionais e persoais (biglietti da visita) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Dicionarios - Folletos informativos ou publicitarios - Notas e mensaxes <p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas moi sinxelas 	<p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Anuncios publicitarios - Formularios - Listaxes, estatísticas - Etiquetas de produtos e embalaxes, envases - Folletos informativos ou publicitarios - Biografía - Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) - Cartas de restaurantes e menús - Carteis, letreiros e sinais - Tramas de películas, recensións - Axendas e diarios, calendarios. - Textos sinxelos e breves - Informacións meteorolóxicas - Horóscopos e previsións - Notas e mensaxes - Instrucións sinxelas - Programacións de radio e televisión - Receitas de cociña moi sinxelas - Carteleiras de espectáculos <p>Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Conversas cara a cara - Conversas telefónicas sinxelas - Instrucións e anuncios - Presentacións públicas
Sintácticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>	
	A1	A2
	<ul style="list-style-type: none"> - O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número. - O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais - O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais - O demostrativo. Formas, contraccións e usos - O posesivo. Formas e usos - Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais - Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos - As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común 	

	<ul style="list-style-type: none"> - O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións - O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección - As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente - A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos - Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos 			
Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>			
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%; background-color: #92d050;">A1</th> <th style="width: 50%; background-color: #4CAF50;">A2</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td colspan="2" style="padding: 5px;"> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades cotiás: hábitos e horarios... - Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía - Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía... - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns... - Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento... - Educación: material e actividades da aula, centros de ensino... - Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos... - Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas... - Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas... - Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo... - Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses... - Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais... - Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe... - Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico... </td> </tr> </tbody> </table>	A1	A2	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades cotiás: hábitos e horarios... - Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía - Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía... - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns... - Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento... - Educación: material e actividades da aula, centros de ensino... - Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos... - Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas... - Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas... - Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo... - Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses... - Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais... - Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe... - Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...
A1	A2			
<ul style="list-style-type: none"> - Actividades cotiás: hábitos e horarios... - Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía - Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía... - Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián... - Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns... - Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento... - Educación: material e actividades da aula, centros de ensino... - Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos... - Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas... - Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas... - Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo... - Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses... - Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais... - Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe... - Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico... 				
Fonético-fonolóxicos e ortográficos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p>			
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 50%; background-color: #92d050;">A1</th> <th style="width: 50%; background-color: #4CAF50;">A2</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td colspan="2" style="padding: 5px;"> <ul style="list-style-type: none"> - O alfabeto - Correspondencia entre grafías e fonemas - Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos - A entoación - O acento. Regras básicas de acentuación - Estrutura silábica - Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente - Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas - Ortografía do vocabulario máis usual </td> </tr> </tbody> </table>	A1	A2	<ul style="list-style-type: none"> - O alfabeto - Correspondencia entre grafías e fonemas - Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos - A entoación - O acento. Regras básicas de acentuación - Estrutura silábica - Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente - Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas - Ortografía do vocabulario máis usual
A1	A2			
<ul style="list-style-type: none"> - O alfabeto - Correspondencia entre grafías e fonemas - Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos - A entoación - O acento. Regras básicas de acentuación - Estrutura silábica - Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente - Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas - Ortografía do vocabulario máis usual 				

- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

6.4. Criterios de avaliación

	A1	A2
Actividade das comunicacións orais	<p>Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p>	<p>Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p>

	A1	A2
Actividades de producción e creación de textos orais	<p>Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>	<p>Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p>Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	<p>Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p>	<p>Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p>Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p>Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p>

	A1	A2
Actividade das producións escritas	<p>Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p>Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p>Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p>Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.</p>
Actividade das medicións	<p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p>Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>	<p>É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p>Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p>Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>

Mínimos esixibles en A1-A2

A1	A2
<p>Recoñecer o contexto, expresións familiares, fórmulas e palabras máis comúns (publicidade, carteis, menú, horarios, formularios...).</p> <p>Extrapolar informacións de conversas formais e informais (presentacións, pedir informacións, orientacións na rúa...).</p> <p>Comprender o contido xeral de instrucións e regulamentos.</p> <p>Distinguir informacións rutinarias (horarios, prezos, lugares, descricións, ...).</p> <p>Comprender informacións principais en correspondencia, contos, descricións, biografías, artigos, recensións, documentos públicos.</p> <p>Comezar e concluír conversa/correspondencia.</p> <p>Verificar e confirmar a comprensión.</p> <p>Confirmar, desmentir, expresar acordo ou desacordo.</p> <p>Requirir a atención.</p> <p>Desculparse, agradecer e responder a un agradecemento.</p> <p>Solicitar/dar informacións en contextos formais e informais.</p> <p>Expresar gustos (propios ou alleos) e informarse ao respecto.</p> <p>Pedir/dar informacións sobre feitos e programas.</p> <p>Dar e comprender instrucións.</p> <p>Manexar frases para solicitar un ben/servizo.</p> <p>Describir/solicitar informacións sobre accións cotiás, hábitos e rutina.</p> <p>Expresar obriga, posibilidade, desexo.</p> <p>Informarse e expresar a razón/ causa de algo.</p> <p>Interactuar ao teléfono.</p> <p>Facer / responder a un ofrecemento, unha proposta ou unha invitación.</p> <p>Expresar bos desexos, facer un brinde ou un agradecemento.</p> <p>Describir o tempo atmosférico.</p> <p>Pedir/describir accións, hábitos, rutinas no pasado e facilitar unha secuenciación temporal.</p> <p>Encher formularios con datos persoais.</p>	<p>Repaso e ampliación do nivel A1 (columna esquerda) e:</p> <p>Comprender informacións sobre experiencias vividas, eventos pasados, feitos concluídos, narracións.</p> <p>Prezar a secuenciación temporal, informacións obvias e de transfundo en eventos, narracións, descricións.</p> <p>Entender instrucións e peticións en contextos cotiás.</p> <p>Captar informacións xerais en conversas cotiás.</p> <p>Distinguir a opinión principal en textos de tema familiar e identificar motivacións e valoracións.</p> <p>Abrir e pechar unha conversación presencial, unha correspondencia, unha chamada telefónica,...</p> <p>Facer comparacións e indicar o grado dunha calidade.</p> <p>Expresar desexos.</p> <p>Narrar feitos e experiencias concretas presentes e pasadas.</p> <p>Describir hábitos, estados de ánimo, características referidas a persoas, cosas, obxectos e situacións pasadas.</p> <p>Expresar opinións e reaccionar a opinións alleas.</p> <p>Introducir unha hipótese.</p> <p>Solicitar algo ou responder a unha solicitude.</p> <p>Enumerar e indicar a cantidade.</p> <p>Facer suxestións e dar instrucións.</p> <p>Elaborar unha secuenciación temporal dos feitos.</p> <p>Indicar as principais causas e consecuencias.</p> <p>Facer previsións para o futuro.</p>

A1	A2
<p>Dicir que non se entendeu.</p> <p>Pedir que se repita.</p> <p>Preguntar polo significado dunha palabra.</p> <p>Pedir que se soletree.</p> <p>Preguntar pola pronuncia correcta.</p> <p>Captar a atención.</p> <p>Abrir e pechar unha conversa ou unha correspondencia.</p> <p>Tomar a palabra.</p> <p>Empregar linguaxes non verbais para facerse entender.</p> <p>Inferir para comprender o contexto comunicativo.</p> <p>Inferir do contexto para comprender o contido lingüístico.</p> <p>Inferir o contido lingüístico coñecido para comprender: frases, palabras ou expresións non coñecidas.</p> <p>Empregar todos os recursos coñecidos para expresar acordo ou desacordo.</p> <p>Escanar / escoitar un texto sobre a rutina ou de contido familiar para buscar informacións específicas.</p>	<p>Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas.</p> <p>Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar en termos xerais a propia opinión ou as propias eleccións.</p> <p>Empregar un número limitado de sinónimos e palabras de significado afin para explicar outras palabras.</p>

6.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación: véxase o capítulo 5 Avaliación, p. 19.

6.5. Temporalización

Neste curso os niveis A1 e A2 preséntanse divididos na oferta educativa de xeito excepcional. Para o próximo curso escolar integraranse de novo nun so curso segundo o recomendado no currículo (Decreto 81/2018, do 19 de xullo). De aí que as competencias e contidos se dividirán nos 2 cuatrimestres do curso, abordando primeiro os referidos ao nivel A1 (ata fins de xaneiro-febreiro) e os referidos ao nivel A2, na 2ª metade do curso (de febreiro a maio).

Referendan esta decisión dous eventos fundamentais:

- O feito de que non hai inscricións no nivel A2 ofertado polo departamento o ano pasado
- A opinión recollida na aula entre o alumnado inscrito no nivel A1 que manifesta maioritariamente o seu interese en certificar o A2 nun ano de estudo.

Así mesmo débese ter en conta o feito de que temos un alumnado pouco numeroso e se este decidira presentarse ao nivel certificador A2 por libre tería que pagar uns cartos extra e a súa presentación por libre resultaría incompatible con a inscrición nun B1 ou A2 presencial no mesmo ano académico.

A secuenciación dos contidos que se presenta na seguinte táboa recolle os niveis A1 E A2 . Porén, trátase dunha **secuencia ideal** baseada nas correntes de ABP (Aprendizaxe Baseada en Proxectos) e un espírito tendente a un enfoque metodolóxico que bebe das fontes da *Action Research* (Investigación-Acción) e que a docente do curso en colaboración co alumnado e segundo as necesidades do contexto poderá variar, adiantando ou retrasando os elementos que considere pertinentes en función dunha verdadeira atención á concreción e á diversidade na aula. Os proxectos ou tarefas para desenvolver nas unidades son propostas posibles, non obrigatorias para a docente que imparta o curso e poderán variar segundo os intereses ou necesidades do grupo meta. Así mesmo, os **tempos indicados para as secuencias das unidades son orientativos** e variables segundo o que se precise en cada caso.

6.5.1. Temporalización A1

UNIDADES	COMPETENCIAS E CONTIDOS	PROXECTOS / TAREFAS*	TEMPO
Unidade 1: Introdución ao curso + primeiros contidos	<p>Obxectivos, metodoloxía e avaliación do curso.</p> <p>Saudar, presentarse.</p> <p>A linguaxe xestual para saudar e contar.</p> <p>Contar ata 30.</p> <p>Alfabeto.</p> <p>Sons e grafías para lecto-escritura.</p> <p>A comunicación na aula.</p> <p>Pronomes suxeito <i>io, tu / Lei / lui-lei</i>.</p> <p>Presente indicativo (1 persoas funcionais): <i>sono, sei, è; ho, hai, ha; mi chiamo, ti chiami, si chiama</i>.</p> <p>Os acentos nas palabras.</p> <p>Construción de contornas virtuais de aprendizaxe</p>	<p>Propostas posibles:</p> <p>Abecedario da clase</p> <p>Mini-vídeos de presentación.</p> <p>Axenda de contactos da clase.</p> <p>Personaxes <i>italian@s famos@s</i></p> <p>Dobraxes / performances de escenas cinematográficas</p>	<p>I cuadrimestre</p> <p>5 semanas</p>
Unidade 2	<p>Reservar unha habitación de hotel.</p> <p>Facer preguntas nalgúns establecementos públicos</p> <p>Contar ata 100.</p> <p>As horas.</p>	<p>Crear un espazo virtual común e autoxestido polo grupo de clase.</p> <p>Redactar un texto de presentación / descritivo do noso</p>	5 semanas

	<p>Vocabulario de lugares públicos: hotel, estación, aeroporto.</p> <p>Facer contas en italiano (+, -, x, /).</p> <p>Nomes e adxectivos: variacións singular / plural.</p> <p>Presente indicativo (II): <i>essere, avere.</i></p> <p>Verbos en <i>-are</i>: <i>imparare, arrivare</i></p> <p><i>C'è – ci sono / è – sono</i></p> <p>Conectores e sinais discursivos: <i>allora, bene, senta</i></p> <p>Aprendizaxe colaborativa en espazos virtuais.</p>	<p>grupo de clase.</p> <p>Presentar obxectos / produtos italianos presentes no noso cotiá (<i>Italiano quotidiano</i>)</p> <p>Seleccionar unha localidade italiana e buscar distintos tipos de aloxamento cunha breve descrición dos servizos.</p>	
Unidade 3	<p>Descibir as rutinas diarias.</p> <p>Falar das actividades de tempo libre.</p> <p>Propostas e invitacións.</p> <p>Presente indicativo (III): conxugación completa.</p> <p>Adverbios frecuencia: <i>sempre, spesso, qualche volta, mai.</i></p> <p>Espazos de tempo libre: <i>palestra, teatro, stadio, bar.</i></p> <p>O son [λ]: <i>figlio, famiglia.</i></p> <p>Familia e organización familiar.</p> <p>Hábitos sociais italianos.</p> <p>Mediación de publicidade sobre actividades de tempo libre.</p>	<p>Organizar un banco de tempo da clase / nun espazo virtual aberto con actividades online</p> <p>Elaborar unha axenda semanal da clase</p> <p>Realizar unha infografía con propostas de tempo libre en Ourense para publicitar na rede.</p> <p>Descibir unha familia inventada ou creada, partindo dunha foto</p>	5 semanas
Unidade 4	<p>A comunicación no bar, no restaurante e nos comercios.</p> <p>Pratos, alimentos e bebidas.</p> <p>A moeda europea (euro) e as formas de pago.</p> <p>Adxectivos para falar de alimentos e bebidas: <i>freddo, saporito.</i></p> <p>Adverbios de cantidade: <i>molto, per niente.</i></p> <p>Estados físicos / psicolóxicos: <i>avere fame / sonno / caldo / paura.</i></p> <p>Imperativo (<i>voi</i>).</p>	<p>Elaborar un libro / blog de receitas.</p> <p>Post dun blog publicitando bares / restaurantes de Ourense ou comentando locais italianos sobre os que se leu o se coñecen.</p>	5 semanas

	<p>Presente indicativo (IV): <i>piacere</i> con pronomes indirectos <i>mi, ti, gli / Le</i> (cortesía)</p> <p>Partitivo: <i>di</i> + artigo e <i>ne</i>: <i>Della torta ne mangio un pezzo.</i></p> <p>Mediación de informacións contidas en menús de bares / restaurantes.</p> <p>Contidos u. 5:</p> <p>Describir a casa.</p> <p>Expresións espaciais: <i>vicino a, di fronte a.</i></p> <p>Léxico da casa: habitacións e mobles.</p> <p>Imperativo (<i>tu / Lei</i>)</p> <p>Verbo <i>dovere</i> para expresar necesidade, dar instrucións, facer suxestións.</p>	<p>Facer un mapa de produtos italianos cotiás colocados nos comercios nos que se venden ou no espazo xeográfico do que proceden.</p> <p>Decidir un menú e unha lista da compra para elaboralo.</p> <p>Podcast dun menú.</p> <p>Facer un vídeo describindo a casa: <i>home tour.</i></p>	
<p>Unidade 5 O Nadal en Italia</p>	<p>Pedir / dar información para moverse na cidade.</p> <p>Describir a casa.</p> <p>Contar feitos pasados.</p> <p>Lugares da cidade e espazos públicos.</p> <p>Expresións espaciais: <i>vicino a, di fronte a.</i></p> <p>Léxico da casa: habitacións e mobles.</p> <p>Imperativo (<i>tu / Lei</i>)</p> <p>Verbo <i>dovere</i> para expresar necesidade, dar instrucións, facer suxestións.</p> <p>Passato prossimo (I).</p> <p>Conectores: <i>quindi</i></p> <p>O Nadal en Italia: tradicións, reunións familiares, pratos e personaxes típicos.</p>	<p>Facer un mapa dos lugares de interese en Italia do grupo/s de clase.</p> <p>Podcast / nota de voz describindo un itinerario, dando indicacións sobre como chegar a un lugar de interese.</p> <p>E-mail para intercambiar / buscar casa.</p> <p>TAREFAS NADAL:</p> <p>Lecturas con ficha bibliográfica</p> <p>Material audiovisual con ficha</p> <p>Gramática-vocabulario</p> <p><i>Audio-diario di un finessettimana</i></p> <p>Ficha con material auténtico para traballar a mediación</p>	<p>5 semanas</p>

<p>Unidade 6</p> <p>REPASO E AMPLIACIÓN</p> <p>Tarefas de exame</p>	<p>Pedir / dar información sobre elementos coñecidos de Italia.</p> <p>Pedir / dar información sobre porque e como se estuda italiano.</p> <p>Presentación extensa: nome, idade, estado civil, traballo, familia, tempo libre, descrición física e de carácter.</p> <p>Comunicar na clase.</p> <p>Repasar áreas léxicas vistas: familia, alimentos e bebidas, profesións, lugares da cidade.</p> <p>Algunhas expresións frecuentes e xenuínas do italiano: <i>in bocca al lupo, grazie, cin.</i></p> <p>Repaso de elementos gramaticais vistos: artigos, concordancia artigo-nome-adxectivo, presente indicativo, preposicións vistas nos contextos estudados: <i>di, a, con, allo, dalle, alle.</i></p> <p>Pronomes directos</p> <p>Actividades de repaso e reforzo do aprendido no trimestre.</p> <p>Práctica de tarefas de exame.</p>	<p>Facer un portfolio da clase coas experiencias, prácticas, aprendizaxes adquiridas ata agora no curso.</p> <p>Crear unha nova identidade persoal italiana.</p> <p>Entrevistar a persoas italianas que viven na nosa cidade ou no territorio.</p>	<p>4 semanas</p>
--	--	--	------------------

6.5.2 Temporalización A2

UNIDADES	COMPETENCIAS E CONTIDOS	PROXECTOS / TAREFAS*	TEMPO
<p>Unidade 0</p>	<p>Repaso dos contidos vistos o ano anterior</p>	<p>Revisar o portfolio do curso precedente e negociar as experiencias, prácticas, aprendizaxes que gostaríamos de ter</p>	<p>3 semanas</p>
<p>Unidade 1</p>	<p>Falar das vacacións.</p> <p>Pedir / dar informacións sobre unha viaxe.</p> <p>Localizar no tempo e no espazo.</p> <p>Contar feitos pasados.</p> <p>Actividades de tempo libre: <i>fare passeggiate, andare a cavallo.</i></p>	<p>Organizar unha fin de semana nunha localidade italiana.</p>	<p>4 semanas</p>

UNIDADES	COMPETENCIAS E CONTIDOS	PROXECTOS / TAREFAS*	TEMPO
	Viaxes: medios de transporte, aloxamento, destinos de vacacións.		
Unidade 2	<p>Falar da túa familia e das festas familiares.</p> <p>Falar dos teus estudos.</p> <p>Falar do pasado e da infancia.</p> <p>Repaso da descrición do aspecto físico e a personalidade.</p> <p>Reforzo do posesivo cos nomes de familia.</p> <p>Formas rituais da comunicación ligada a festas e eventos: <i>auguri!, complimenti!, felicitazioni!</i></p> <p>Imperfecto. <i>Imperfetto / passato prossimo.</i></p> <p>A escola e a lingua específica básica: <i>primaria, secundaria, laurea, promosso / respinto = bocciato, ho preso 10!</i></p> <p>A énfase.</p>	<p>Facer un álbum da infancia do grupo de clase.</p> <p>Foro para comentar experiencias / anécdotas escolares.</p> <p>Elaborar tarxetas para felicitar / celebrar festas.</p>	4 semanas
Unidade 3	<p>Interaccionar nun comercio.</p> <p>Descibir como vai vestida unha persoa.</p> <p>Expresar unha cantidade.</p> <p>Facer comparacións.</p> <p>Falar de festas e tradicións.</p> <p>Tipos de establecementos comerciais (repaso) e a comunicación neles.</p> <p>Vocabulario da moda: roupa, calzado e accesorios. Tecidos e deseños.</p> <p>Pronomes directos e indirectos.</p> <p><i>Si</i> impersonal.</p>	<p>Organizar un desfile de moda.</p> <p>Vídeo con consellos de estilismo.</p> <p>O armario-cápsula segundo as temporadas.</p>	4 semanas
Unidade 4	<p>Falar de deporte e saúde.</p> <p>Principais malestares e remedios.</p>	<p>Participar nun foro sobre o deporte / saúde.</p>	3,5 semanas

UNIDADES	COMPETENCIAS E CONTIDOS	PROXECTOS / TAREFAS*	TEMPO
	<p>Pedir / dar consellos.</p> <p>Mediación sobre produtos para a saúde. Mediación sobre publicidade relativa á saúde, actividades deportivas.</p> <p>Partes do corpo e estado físico. Estruturas para aconsellar: imperativo de cortesía (Lei, voi); dovere + infinitivo; hipótese I tipo: <i>Se ti senti male, riposati.</i></p> <p>O culto ao corpo</p>	<p>Organizar un chat para falar de remedios / dar consellos para malestares físicos / psíquicos.</p> <p>Elaborar un receitairo con remedios tradicionais.</p>	
Unidade 5	<p>Repaso xeral do curso.</p> <p>Unidade didáctica de repaso con actividades autónomas e de aula.</p>	<p>Retrato do grupo de clase</p> <p>Entrevistas a persoas italianas da cidade</p>	3,5 semanas
Unidade 6	<p>Cultura audiovisual en Italia</p> <p>Práctica de tarefas de exame:</p> <p>Producións orais, escritas e mediacións</p>	<p>Catálogo de películas</p> <p><i>Playlist</i> do curso</p>	5 semanas

6.6. Materiais

Ademáis do especificado no punto 3.3

Outros materiais en papel útiles para a aprendizaxe presentes en biblioteca e/ou departamento:

L'utile e il dilettevole 1. Esercizi e regole per comunicare. Livelli A1-B1, Elettra Ercolino – T. Anna Pellegrino, Loescher editore, 2016.

Dizionario per immagini, Marco Mezzadri, Guerra edizioni, 2008.

I pronomi italiani, Ciro Massimo Naddeo, Alma edizioni.

Le preposizioni italiane, Alessandro De Giuli, Alma edizioni.

I verbi italiani, Silvia Consonno e Sonia Bailini, Alma edizioni.

Nuova grammatica pratica della lingua italiana, Susanna Nocchi, Alma edizioni.

Grammatica della lingua italiana per stranieri 1, Roberto Tartaglione e Angelica Benincasa, Alma edizioni.

Lecturas adaptadas da biblioteca con audios e exercicios, recursos en rede e materiais específicos que serán presentados polas docente na aula, física ou virtual que esta sexa, ou en repostarías específicas ideados e acordados na propia aula.

7. NIVEL INTERMEDIO B1

7.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Obxectivos xerais B1:

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

Producir e co producir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiás, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

Producir e co producir textos breves e sinxelos sobre temas cotiás ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.

7.2. Obxectivos específicos

Nas actividades de comprensión de textos orais:

Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.

Comprender a liña xeral de series ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

Nas actividades de produción e coprodución de textos orais:

Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.

Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.

Dar información xeral sobre un asunto de saúde.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

Participar en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre formas de pagamento.

Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

Nas actividades de comprensión de textos escritos:

Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.

Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.

Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.

Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.

Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.

Nas **actividades de produción e coprodución de textos escritos:**

Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións (reclamacións).

Tomar notas a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.

Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.

Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

Nas **actividades de mediación:**

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

7.3. Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

Contidos socioculturais e sociolingüísticos:

Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.

Contidos estratéxicos:

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- **Auto avaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- **Repetir**, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.

- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.

- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos para textuais (entoación, velocidade...) e extra textuais (imaxes, gráficos, fotografías...).

- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).

- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.

- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.

- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.

- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

Contidos funcionais:

Usos sociais da lingua:

- Desculparse por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

Control da comunicación:

- Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.
- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.

- Pedirle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.

- Protestar e reclamar por un servizo.
- Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.

Organización do discurso:

- Pedir, tomar e ceder a palabra.
- Reaccionar e cooperar na interacción.
- Introducir un tema en situacións formais e informais.
- Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema.
- Enunciar o peche do discurso e pechalo.
- Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.

Contidos discursivos:

Traballárase a seguinte tipoloxía de **textos orais**:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

Traballárase a seguinte tipoloxía de **textos escritos**:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas

- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

Contidos sintácticos:

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O aspecto. Incoativo, durativo
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais

- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

Contidos léxicos:

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...

- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

Contidos fonético-fonolóxicos e orto tipográficos:

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

7.4. Criterios de avaliación

No relativo ás actividades de **comprensión de textos orais**, o alumnado:

Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.

Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.

Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.

Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.

Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.

Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

No relativo ás actividades de **produción e coprodución de textos orais**, o alumnado:

Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.

Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.

Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.

Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.

Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).

Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

No relativo ás actividades de **comprensión de textos escritos**, o alumnado:

Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.

Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.

Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.

Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.

Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do contexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

No relativo ás actividades de **produción e coprodución de textos escritos**, o alumnado:

Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.

Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.

Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.

Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

No relativo ás actividades de **mediación**, o alumnado:

Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.

Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles en B1:

Pedir que se repita, o significado, a pronuncia, o soletreado (repaso e ampliación)

Dicir que non se entendeu especificando a parte do discurso que resulta confusa (repaso e ampliación)

Captar e solicitar a atención (repaso e ampliación)

Abrir, manter e pechar unha conversa ou unha correspondencia (repaso e ampliación)

Tomar a palabra, invitar a intervir e ceder a palabra (repaso e ampliación)

Empregar linguaxes non verbais para facerse entender (repaso e ampliación)

Inferir para comprender o contexto comunicativo, o contido lingüístico global, o significado xeral de frases e expresións descoñecidas, o significado específico de palabras concretas (repaso e ampliación)

Utilizar todos os recursos coñecidos para xustificar a propia opinión ou as propias eleccións, para subliñar o contraste, o apoio, a dúbida...

Empregar un número adecuado de sinónimos e palabras de significado afín para explicar outras palabras

Achegar o significado dunha palabra que non se coñece engadindo unha especificación a un termo coñecido da mesma categoría.

Reformular o dito para aclarar un contido.

Solicitar unha reformulación, unha aclaración ou unha explicación sobre unha parte específica do discurso

Verificar a comprensión do interlocutor

Identificar sinais de dificultade, dis conformidade, aprobación...

Solicitar ser corrixidos na propia produción e modificala

Buscar informacións consultando varios textos

Escanar / escoitar diferentes tipos e fontes textuais para buscar informacións específicas (repasso e ampliación)

7.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación: véxase capítulo 5 Avaliación, p. 19

7.5. Temporalización

- Aproveitaremos todas as ocasións de exposición a inputs escritos e orais de materiais auténticos coa finalidade de xerar produtos (outputs) que se adecúen ao contexto de xeito cada vez máis elaborado, cunha progresión formativa no cuidado da corrección gramatical e cun léxico cada vez máis amplo e específico.;
- Accionar estratexias que favorezan o desenrolo de monitor mediante grabacións e autoescoitas, e permitan o control sobre as interferencias tanto como con a lingua nai como con outras linguas aprendidas en pasado
- Especificar aos aprendentes a funcionalidade dos contidos a traballar en cada tarefa de xeito claro e incidindo na relevancia do aprendente como transmisor e mediador entre comunidades
- Seguindo a liña de traballo deste departamento e tal e como recolle o capítulo 6 do MEQR, a aprendizaxe será baseada en tarefas, *task based*, estimulando a aprendizaxe colaborativa e a conexión da materia coa contorna inmediata.

A distribución de unidades será a que ven a continuación e recoméndase a transversalización do tema 9 ao longo do curso e de ter que sacrificar algunha parte do temario por imprevisto xustificoado sexa a parte relativa ao pasado remoto, que igualmente observaremos durante a lectura de narrativa aconsellada para o nivel e en biografías de personaxes relevantes.

Unidad 0 La mia Italia

Competencias comunicativas		Falar de noicións sobre a lingua e a cultura italianas. Expresar opinións e preferencias
Competencias lingüísticas	Gramática	Repaso dos contidos do curso anterior
	Vocabulario	Vocabulario para expresar gustos e intereses
Competencias socioculturais		Costumes dos italianos
Competencias textuais		Test ConversaciónsP odcast

Unidad 1 Emozioni in note

Competencias comunicativas		Expresar sentimentos y estados de ánimo Expresar diferencias e gustos musicais en cada unha das culturas nai e metas que manexemos Falar de xéneros musicais
Competencias lingüísticas	Gramática	Pronomes relativos (repaso) Presente de subxuntivo O sufixo <i>-ità</i> Frases obxectivas (con verbos de opinión y de estado de ánimo) ¿Subxuntivo o indicativo? Algúns verbos pronominais Comparativos (repaso)
	Vocabulario	Vocabulario de emocións e estados de ánimo Metáforas para expresar emocións e sentimentos Adxectivos e sustantivos de cualidades e características personais Xéneros musicais Marcador discursivo <i>dai</i>
	Fonética	Consonantes dobles Entoación: incredulidade e incitación
Competencias socioculturais		As cancións italianas que emocionaron y fixeron historia
Competencias textuais		Test Entrevista Blog Diálogos Artigo Podcast Chat
Tarefas		Preparar un test de personalidade para a docente Compoñer una playlist para un momento determinado do día e/ou para un estado de emoción

Unidad 2 Mettiamocela tutta!		
Competencias comunicativas		Falar de actividade física y bienestar Contar experiencias relacionadas co deporte Expresar opinións sobre os valores do deporte
Competencias lingüísticas	Gramática	Entoación Pretérito pluscuamperfecto Algúns verbos pronominais Preposición <i>da</i> (funcións) Algúns marcadores temporais Prefixos de negación <i>s-</i> , <i>dis-</i> , <i>in-</i> Superlativo relativo Adverbios <i>proprio</i> e <i>davvero</i> Frases limitativas
	Vocabulario	Vocabulario de actividade física y bienestar Léxico de emocións e valores do deporte Marcador discursivo <i>mica</i>
	Fonética	O s sordo y sonoro Entoación: exclamación e interrogación
Competencias socioculturais		Bebe Vio, campeona paralímpica Roberto Bolle, una vida de ballet Alex Zannardi: risco e coraggio
Competencias textuais		Biografía Entrevista Artículo Chat Octavilla
Tarefas		Elaborar un flyer publicitario para promocionar a actividade física Contar a biografía dun/ dunha deportista
Unidad 3 Idee geniali!		
Competencias comunicativas		Describir obxectos feitos de material reciclado Expresar opinións e preferencias Falar de ecoloxía e sostenibilidade Falar de arte ambiental
Competencias lingüísticas	Gramática	Pronomes combinados Xerundio causal Algúns usos de <i>ne</i> Frases concesivas Pretérito perfecto de subxuntivo
	Vocabulario	Léxico de obxectos e materiais Vocabulario do arte ambiental e do reutilizo Locucións adverbiais: <i>un sacco di</i> , <i>senza dubbio...</i> Marcador discursivo <i>anzi</i>
	Fonética	Diferencia entre /p/ y /b/ Entoación: <i>anzi</i>
Competencias socioculturais		O <i>ReMade</i> in Italy Espazos recuperados e arte ambiental en Italia A <i>Arte povera</i>

Competencias textuais		Entrevista Pin Chat Artigos Testimonios
Tarefas		Presentar un proxecto para recuperar un espazo en desuso Crear un obxecto con materiais reciclados
Unidad 4 Non solo scienza		
Competencias comunicativas		Comentar noticias científicas e pseudo-científicas Describir obxectos tecnolóxicos Falar de información e comunicación Reportar noticias
Competencias lingüísticas	Gramática	Adxectivos en <i>-bile</i> Prefixo negativo <i>-in</i> Algúns usos do condicional Futuro perfecto Pronomes posesivos Pronome relativo <i>chi</i> Pretérito perfecto e pretérito imperfecto de <i>sapere</i> e <i>conoscere</i> Oracións interrogativas indirectas
	Vocabulario	Vocabulario de ciencias, tecnoloxía e comunicación Palabras extranxeiras en italiano Marcadores discursivos <i>figurati, figuriamoci</i>
	Fonética	Sons /f/ y /v/ Encadeamento (l)
Competencias socioculturais		Museos e festivais científicos en Italia
Competencias textuais		Blog Artigo Diálogo Noticias de última hora Noticiero Entrevista
Tarefas		Propoñer un proxecto de domótica para a clase Redactar unha noticia sobre un tema científico
Unidad 5 Ricette per tutti i gusti		
Competencias comunicativas		Falar de receitas e gastronomía Descrber utensilios de cocina e explicar o seu funcionamento Falar de preferencias gastronómicas
Competencias lingüísticas	Gramática	Xerundio temporal e de modo Marcadores temporais <i>Occorrere</i> e <i>volerci</i> <i>Per</i> + infinitivo Algúns usos de <i>ci</i> Algúns usos da forma reflexiva Conector <i>perché</i> <i>Da</i> + infinitivo
	Vocabulario	Léxico de receitas e gastronomía Utensilios de cociña Marcadores discursivos <i>aspetta, appunto</i>

	Fonética	Sons /r/ y /l/ Énfase (I)
Competencias socioculturais		Receitas tradicionais italianas Mercados en Italia
Competencias textuais		Recetas Blog Artigo Entrevista Conversación telefónica Programación dun evento
Tarefas		Crear un evento gastronómico dedicado a unha rexión italiana Escribir a receita dunha especialidade
Unidad 6 Obiettivo lavoro		
Competencias comunicativas		Falar de habilidades e destrezas Expresar desexos Facer suposicións posibles
Competencias lingüísticas	Gramática	Pretérito imperfecto de subxuntivo Oracións condicionais reais Expresar desexos Expresar necesidade e obriga
	Vocabulario	Vocabulario de traballo e formación Vocabulario de atributos personais e cualidades profesionais Marcadores discursivos <i>dimmi, dica, bene</i>
	Fonética	Sons /b/ y /v/ Énfase (II)
Competencias socioculturais		O sistema educativo italiano Excelencias da industria italiana: as 4A del Made in Italy
Competencias textuais		Chat Test Diálogo Carta de motivación Anuncio de traballo Entrevista Artículo
Tarefas		Participar nun <i>recruiting day</i> Redactar unha carta de motivación
Unidad 7 L'eco della storia		
Competencias comunicativas		Relatarla biografía dunha personaxe histórica Describir unha sucesión cronolóxica de feitos históricos Contar e resumir un relato
Competencias lingüísticas	Gramática	Pretérito indefinido Marcadores temporais Condición composto Estilo indirecto <i>Prima di / prima che</i>
	Vocabulario	Léxico para falar de historia, biografía e relato Marcadores temporais Marcador discursivo <i>addirittura</i>
	Fonética	Sons /j/ y /ss/ Encadeamento (II)

Competencias socioculturais		Historia de Italia A Expedición dos <i>Mille</i> Lorenzo de' Medici e Isabella d'Este Poemas épicos cabalerescos: O <i>Orlando furioso</i> y l' <i>Opera dei Pupi</i>
Competencias textuais		Conto cronolóxico Liña do tempo Podcast Biografía Diálogo Argumento
Tarefas		Escritura colaborativa dun poema Escribir a reseña histórica dunha época importante dun País
Unidad 8 In giro per il mondo		
Competencias comunicativas		Organizar e relatar unha viaxe: aloxamiento, rutas, ecc. Expresar preferencias e opinións de viaxe Pedir e proporcionar informacións
Competencias lingüísticas	Gramática	Oracións impersonais con verbos pronominais Voz pasiva con <i>essere, venire, andare</i> Preposición <i>da</i> (complemento axente) Adxectivo <i>proprio</i>
	Vocabulario	Vocabulario de viaxe, de atraccións y servizos turísticos Números ordinais Marcador discursivo <i>ecco</i>
	Fonética	Sons /k/ e /g/ Entoación: <i>ecco</i>
Competencias socioculturais		Ruta polaprovincia de Trapani Parques a tema artístico en Italia O <i>Grand Tour</i>
Competencias textuais		Artigo Reseña Conversación Guía de viaxe
Tarefas		Organizar unha ruta de viaxe por Italia Describir un lugar de interese turística
Unidad 9 La grande bellezza		
Competencias comunicativas		Expresar preferencias e opinións sobre produtos culturais Relatar o argumento dunha película ou dun libro
Competencias lingüísticas	Gramática	Condición composto (expresar desexos irrealizables) Pronomes relativos <i>il quale, la quale, i quali, le quali</i> Nomes e adxectivos alterados <i>Secondo me, a mio avviso...</i> Oracións consecutivas
	Vocabulario	Léxico de preferencias culturais Xéneros literarios e cinematográficos Marcadores discursivos <i>affatto, niente</i>
	Fonética	Sons /t/ e /d/ Entoación: oración conclusiva e continuativa

Competencias socioculturais	Hábitos de lectura dos italianos Libros e autores italianos no extranxeiro Literatura migrante: a certame <i>Lingua madre</i>
Competencias textuais	Infografía Podcast Entrevista Artigo Carteleira de cine Argumento dunha película Chat
Tarefas	Preparar o programa cultural da clase Redactar o argumento dun libro ou dunha peli

Autora: Antonietta Vinciguerra

7.6. Materiais

O libro de texto oficial fixado para o curso é:

Al Dente 3, M. Birello, S. Bonafaccia, F. Bosc, G. Licastro, A. Vilagrasa, Casa delle Lingue, 2019. (ISBN: 9788416943302).

Outros materiais útiles para aprendizaxe:

La Nuova Prova Orale 1, Edizioni Edilingua (ISBN 978-88-31496-84-1)

L'utile e il dilettevole 1. Esercizi e regole per comunicare. Livelli A1-B1, Elettra Ercolino – T. Anna Pellegrino, Loescher editore, 2016.

Dizionario per immagini, Marco Mezzadri, Guerra edizioni, 2008.

I pronomi italiani, Ciro Massimo Naddeo, Alma edizioni.

Le preposizioni italiane, Alessandro De Giuli, Alma edizioni.

I verbi italiani, Silvia Consonno e Sonia Bailini, Alma edizioni.

Nuova grammatica pratica della lingua italiana, Susanna Nocchi, Alma edizioni.

Grammatica della lingua italiana per stranieri 2, Roberto Tartaglione e Angelica Benincasa, Alma edizioni.

Lecturas adaptadas da biblioteca con audios e exercicios. Lecturas non adaptadas e audiolibros, recursos en rede e materias específicos aconsellados pola docente.

8. O NIVEL INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o **nivel intermedio B2** poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrírse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

En Italiano este nivel intermedio B2 está artellado en 2 cursos:

- Nivel B2.1 (curso de promoción)
- Nivel B2.2 (curso de certificación)

8.1 Descrición do nivel e Obxectivos xerais:

A definición do nivel, dos obxectivos xerais e específicos e dos criterios de avaliación para os 2 cursos son comúns, xa que non sería lóxico facer un corte limitativo destes aspectos cualitativos da materia. A diferenza entre os cursos baséase no tipo de avaliación: no nivel B2.1 a proba final do curso avalía o progreso acadado polo alumnado e á cualificación obtida nesta proba poderáselle engadir un 10% (produto das tarefas realizadas ao longo do curso, a participación e asistencia á clase). Mentres que o nivel B2.2 é un curso orientado á preparación da proba final de certificación. Afíanzase o aprendido no nivel anterior para consolidar así a competencia lingüística do alumnado. Ademais, disto, entrámbolos cursos, B2.1 e B2.2, abordarán competencias e contidos léxicos e sintácticos diferentes. A concreción destas diferenzas aparece referida nos epígrafes correspondentes á secuenciación de cadanseu nivel (véxanse puntos 8.5.1 e 8.5.2).

Obxectivos xerais:

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (rexistro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

8.2 Obxectivos específicos:

Nas actividades de comprensión de textos orais:

Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor.

Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

Nas actividades de produción e coprodución de textos orais:

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.

Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.

Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...

Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.

Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

Nas actividades de comprensión de textos escritos:

Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.

Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.

Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.

Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

Nas **actividades de produción e coprodución de textos escritos:**

Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.

Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.

Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

Nas **actividades de mediación:**

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

8.3 Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

Contidos socioculturais e sociolingüísticos:

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.

Contidos estratéxicos:

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.

- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).

- **Autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.

- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)

- **Repetir**, recoñecer e usar modelos de lingua etc.

- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.

- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.

- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.

- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

Contidos funcionais:

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.

- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.

Discutir sobre a información recibida.

Contidos discursivos:

Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas

- Biografías

Contidos sintácticos:

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores
- Posición e concordancia dos elementos da oración
- Uso da impersonalidade
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes
- Uso do imperativo afirmativo e negativo
- O aspecto. Incoativo, durativo
- O modo. Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto
- Réxime preposicional con verbos frecuentes
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais
- Posición e concordancia dos elementos oracionais
- Oración simple: enunciativa, afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal
- Oración composta. Coordinación
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais
- Correlación temporal nas oracións
- Uso de conectores propios do nivel
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

Contidos léxicos:

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...

- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

Contidos fonético-fonolóxicos e orto tipográficos:

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.

8.4 Criterios de avaliación

No relativo ás actividades de **comprensión de textos orais**, o alumnado:

Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.

Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.

Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.

Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...

No relativo ás actividades de produción e coprodución de textos orais, o alumnado:

Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.

Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.

Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.

Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.

Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.

Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.

Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.

Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.

No relativo ás actividades de comprensión de textos escritos, o alumnado:

Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.

Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.

Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.

Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.

No relativo ás actividades de produción e coprodución de textos escritos, o alumnado:

Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.

Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.

Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.

Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.

Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns orto tipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.

No relativo ás actividades de mediación, o alumnado:

Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.

Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

Mínimos esixibles en B2:

Comezar, manter e concluír un discurso de xeito apropiado empregando con eficacia os turnos de palabra

Empregar frases feitas para gañar tempo e conservar o turno de palabra, mentres se trata de (re)formular o que se quere dicir

Formular preguntas sobre os detalles para controlar a comprensión sobre o expresado polo interlocutor e poder aclarar os puntos ambiguos

Contribuír ao desenvolvemento da discusión formulando enunciados que demostren a comprensión, sostendo o propio razoamento a través de afirmacións e inferencias

Contribuír a soster unha conversa en contexto familiar

Adequar o que se di e o modo de expresión á situación e ao destinatario

Formular o que se quere dicir de diversos xeitos adaptándose aos cambios na conversa

Empregar circunloquios e paráfrases para superar as lagoas lexicais e estruturais

Corrixir erros percibidos ou que poidan provocar malentendidos.

Tomar notas dos propios erros recorrentes e controlar de xeito consciente o discurso para evitalos

Escoitar concentrándose sobre elementos principais, controlar a comprensión empregando indicios contextuais

8.4.1. Tipos e instrumentos de avaliación: véxase capítulo 5 Avaliación, p. 19

8.5. Temporalización

8.5.1. Temporalización B2.1

Achegarase o alumnado á lectura activa de libros. Neste sentido deberán ler catro libros durante o nivel, dous fixados polo profesorado e dous acordados durante a primeira quincena de outubro. Presentaranse como mínimo dúas críticas literarias con formatos diferentes (páxina nun blog e capa de libro).

A secuenciación dos contidos do curso baséase na proposta polo manual **Dieci B1 de Massimo Naddeo e Euridice Orlandino** (Alma ed.), excepto a unidade 10. Recomendarase ao alumnado que compre dito manual:

Setembro

Módulo 0: Repaso inicial de contidos (con ampliación)

Unidade 0 *Giochiamo* + materiais propostos na aula pola docente

Reactivación de coñecementos funcionais, gramaticais e léxicos do nivel A2 – B1.

Outubro

Unidade 1 *Cultura Popolare*.

Coñecer elementos da cultura contemporánea italiana: historia, música, cine, tv e cultura dixital.

Comunicación:

Expresar opinións.

Establecer comparacións.

Entender a trama dunha película.

Escribir un guión breve.

Falar de series.

Descibir feitos pasados.

Preparar unha breve exposición sobre un personaxe do pasado.

Entender os comandos da web.

Descibir e ilustrar as características de unha páxina web, blog ou foro social.

Gramática:

Comparativo.

Pronome relativo *il quale*.

Trapassato prossimo.

Appena con passato prossimo.

Léxico:

A II Guerra Mundial

Instrumentos musicais

Léxico do cine e da tv: *regista, attore, trama...*

Comandos tecnolóxicos: web, redes sociais e apps

Unidade 2 Problemi

Falar de problemas en diversos contextos comunicativos: viaxando, co banco, pagando. A comunicación cos servizos de asistencia.

Comunicación:

Reformular.

Simplificar un texto.

Formular hipóteses.

Expresar acordo, desacordo, sorpresa ou raiba.

Referir mensaxes.

Pedir/dar explicacións.

Protestar.

Tranquilizar.

Solicitar asistencia a un operador telefónico.

Gramática:

Verbos pronominais con pronomes combinados.

Basta + infinitivo.

Discurso indirecto coa frase principal en presente.

Dovere para expresar hipótese.

Conxuncións *bensi, oppure*

Adverbios e locucións adverbiais: *precisamente, tra l'altro*

Léxico:

Vocabulario comercio: *rimborso, risarcimento*

In caso di

Oltre

Léxico bancario e monetario

Ma come!

Un momento

Correspondencia formal

Riguardo a

A causa di

Asistencia telefonica: *Resti in linea*

Novembro

Unidade 3: In viaggio

Situacións relativas á viaxe: a estrada e a solicitude de asistencia na viaxe, hábitos de viaxe, festas populares

Comuniación:

Expresar esperanzas e desexos. A expresión doutras emocións

Tema 3 Balboni-UNO; Due, Bonacci editori

Expresar afecto, amizade, amor, cansazo, odio.

Expresar medo.

Expresar a incapacidade de entender o sentido das cousas.

Expresar rabia de xeito directo e duro.

Expresar exasperación.

Expresar desexo.

Felicitar e dar o pésame.

Expresar vontade de xeito directo e educado.

Entender a sinalización de tráfico.

Indicar vantaxes e desvantaxes sobre un tema.

Describir como nos sentimos nas vacacións.

Explicar gráficos e estatísticas.

Expresar opinións.

Expresar escepticismo.

Describir unha festa popular.

Describir a diferenza entre imaxes.

Solicitar asistencia na estrada.

Gramática:

Subxuntivo presente. Usos do subxuntivo: opinións e desexos. Uso do indicativo con *secondo me*.

Frase interrogativa para atenuar unha petición.

Condiciónal: forma e uso.

Verbos pronominais: *andarsene*. Léxico:

Vocabulario:

Sinais de tráfico.

Tempo meteorolóxico.

Festas e vacacións.

Palabras ou frases para expresar desexos, sentimentos: *volentieri, in realtà, Non vedo l'ora!, magari, pure*.

A asistencia na estrada: *Ha fatto bene, non saprei dirLe, Pazienza*.

Unidade 4: Tradizioni

Falar de supersticións, crenzas populares, temas tabú e a relixión en Italia.

Comuniación:

Describir supersticións e crenzas populares.

Enumerar temas tabú.

Evitar argumentos indesexados.

Falar da relixión en Italia. Sintetizar.

Expresar sorpresa e enfado.

Relatar choques culturais.

Gramática:

Adxectivos: *povero, grande, nuovo, vecchio*.

Forma impersoal *ci sí*.

Forma impersonal con *uno* e co verbo na 3ª persoa plural. *Dicono* + subxuntivo.

Forma impersonal co *si* en *passato prossimo*.

A intensificación mediante a repetición.

Léxico:

Expresións identificativas e conclusivas (frases e conxuncións): *Vale a dire, dunque, quindi Accidenti!; Comunque; Ma dai!*

Vocabulario relativo á relixión e lugares do culto.

Credere in

Expresións de emocións e desexos: *Oddio!; In bocca al lupo!*

Decembro:

Unidade 5: *Non solo libri*

Falar de libros, lecturas e gustos literarios. Ler e informarse. Comprar libros en rede.

Comunicación:

Falar de gustos literarios. Expresar opinións sobre novelas. Consellar ou desaconsellar un libro. Elaborar un texto para presentar unha obra literaria: a recensión. Acordar lecturas para o resto do ano.

Achegarse á poesía, ao placer da lectura.

Contar como nos informamos.

Formular suposicións sobre o pasado.

Expresar desacordo ou recoñecemento.

Comprar un libro en rede.

Gramática:

Subxuntivo pasado.

A conxunción *tuttavia*.

Proprio: adxectivo e adverbio.

Subxuntivo imperfecto: regular e irregular.

Magari + subxuntivo imperfecto

Prima che + subxuntivo.

Léxico:

Vocabulario relativo á novela, xéneros literarios, literatura e libros.

Expresións para sintetizar.

Xornalismo escrito e en rede: *fake news*, bulos.

Uno su, un terzo, un quarto.

Os botóns das webs de compra.

Porca miseria!, Cavolo!

Xaneiro

Unidade 6: *Un ambiente prezioso*

Falar do medio: como coidar a contorna na que vivimos, indicar as vantaxes e desvantaxes do ambiente no que vivimos, describir de forma sinxela espazos naturais de montaña. Argumentar.

Comunicación:

Falar da tutela do ambiente.

Reflexionar sobre cómo se afronta o vocabulario non coñecido.

Indicar pros e contras.

Formular hipóteses probables.

Describir escenarios hipotéticos.

Argumentar.

Xestionar o turno de palabra.

Gramática:

Frases concesivas: *anche se + indicativo; sebbene, nonostante, benché + subxuntivo.*

Período hipotético de I e II tipo.

Parecchi

O período hipotético do II tipo

A fórmula *se fossi in te*

Come se + subxuntivo.

Vocabulario:

Vocabulario da ecoloxía.

Metropoli, isola, campagna

Animais salvaxes. O ambiente do monte.

Electrodomésticos.

Lasciamo perdere.

Febreiro

Unidade 7. *La città eterna*

Falar da cidade, ambiente urbán e problemas relativos. Especialidades gastronómicas.

Comunicación:

Memorizar termos e informacións.

Destacar partes do discurso.

Descibir os problemas dunha cidade.

Mediar e argumentar.

Indicar causas e limitacións.

Sintetizar os coñecementos.

Consellar e desaconsellar.

Descibir especialidades gastronómicas.

Gramática:

A forma pasiva con *essere e venire.*

O indefinido *qualunque.*

Os prefixos *dis-, s-, in-.*

O adverbio *mica.*

Frases causais: *dato che, poiché;* limitativas *a meno che,* concesivas (*a condizione che*).

Vocabulario:

Elementos arquitectónicos e vocabulario urbán.

A cidade, os habitantes e administradores.

Arquitectura antiga.

Especialidades gastronómicas

Ti consiglio di / suggerisco di; ti sconsiglio di / evita di.

Febreiro - marzo

Unidade 8. *Gusto italiano*

Moda, obxectos de deseño e *made in Italy.* A lingua italiana. O aperitivo.

Comunicación:

- Opinar sobre a aparencia / o look.
- Contar eventos simultáneos.
- Opinar sobre obxectos de deseño.
- Crear un eslogan.
- Describir obxectos.
- Sintetizar empregando palabras clave.
- Describir a lingua italiana.
- Identificar palabras derivadas.
- Pedir o aperitivo na mesa dun local.

Gramática:

- O xerundio con valor temporal e modal.
- A sufixación dos adxectivos en *-abile / -ibile*.
- A posición dos pronomes co xerundio.
- O *cui* con valor posesivo.

Vocabulario:

- Produtos do deseño italiano.
- Expresións temporais: *in un secondo momento, tutt'oggi, da allora, fin da subito*.
- Palabras derivadas.
- O aperitivo á italiana.
- Fórmulas para pedir na mesa dun local.

Unidade 9: Il mondo del lavoro

O traballo, as profesións. Exames e oposicións. O CV. Condicións e tipos de traballo. Entrevistas de traballo. Seguridade no traballo. A creación dun perfil profesional propio (Personal Branding).

O material de *Dieci B1* complementarase coa unidade 2 do *Balboni B1*

Comunicación:

- Expresar accións futuras anteriores a outras futuras (*futuro anteriore*).
- Contar a experiencia dun exame.
- Facer suposicións no pasado.
- Describir o itinerario de estudos realizado.
- Pedir aclaracións.
- Formular preguntas de xeito indirecto.
- Pedir unha confirmación e dala.
- Retificar.
- Comunicarse nunha entrevista de traballo.

Gramática:

- O futuro anterior. *Appena / dopo che + futuro*.
- As palabras alteradas: *-ino, -etto, -one, -accio, -uccio*.
- A interrogativa indireta (coa frase principal en presente).

Vocabulario:

- Expresións para preguntar sobre probas / exames: *Com'è andata?*
- Oposicións e exames.

O sistema educativo italiano.
As seccións dun CV.
Può fare qualche esempio?
Traballo autónomo / traballo dependente
Giorni di malattia, stipendio, ferie, orario, contratto.
Anuncios de traballo.
Si accomodi.
Decina.

Abril

Unidade 10: *Il mondo del cartaceo*

Il mondo del cartaceo: newsletter *Il mondo del cartaceo*, I Materiali Umani
@astrattodipomodoro [cc by 4.0] 2020

Abril – maio:

Unidade 11: *Mass media e dintorni*

Newsletter *Mass media e dintorni*, I Materiali Umani @astrattodipomodoro [cc by 4.0] 2020
Nuovo Contatto B2, unidade 3, *Mass media e dintorni*
Nuovo Espresso 4, *E tu, come ti informi?*

Repaso dos contidos vistos no curso.

8.5.2. Temporalización B2.2

Trataremos as unidades propostas, sobre todo polos manuais *Nuovo Espresso 4* e *Bellissimo B2-C1* seguindo o programa dos departamentos importantes e con maior alumnado de Galicia (A Coruña, Santiago e Vigo). Orientámonos polas unidades programadas por estas escolas, adaptadas ao noso contexto, xa que este nivel é terminal e certificador. Asemade teremos en conta o reforzo da parte gramatical e de xiros expresivos enriquecendo a nosa competencia morfosintáctica co traballo sobre o manual *In pratica* e fomentando a oralidade e os acordos de traballos finais co libro *La Nuova Prova Orale 2*, que presenta un repertorio textual enorme co que potenciar o traballo sobre a mediación. O alumnado terá que afrontar unha proba final de certificación elaborada entre todos os departamentos de Galicia.

As unidades que propoñemos dividiranse entre os dous cuadrimestres do seguinte xeito:

Temas 1 ao 3: I cuadrimestre (setembro – metade xaneiro).

Temas 4 ao 8: II cuadrimestre (febreiro – maio).

Pretraballo:

Repaso de contidos.

Lectura en aula.

Traballo sobre o pasado remoto na narrativa. Irregularidades.

Tema 1: escola e educación

Scuola e dintorni, *Nuovo Espresso 4*, unidade 1.

Nuovo Progetto Italiano 2

Cervelli in fuga -> parte da unidade 2 *Italiani all'estero* de *Bellissimo B2-C1*.

Introdución ao estilo directo e indirecto.

Tema 2: cine

Unidade 1 *Sotto i riflettori* de *Bellissimo B2-C1*

Comparativo. Reseña dunha película.

Unidade 6 *I gusti sono i gusti* de *Nuovo Espresso 4*

Tema 3: alimentación

Cibo, che passione!, *Nuovo Espresso 4*.

La cuoca selvatica, *Cucina botanica*

Cibo e identità *Bellissimo B2-C1*.

Protocolos para convencións (*galatei*, variacións na concepción de nutrirse e conductas alimentarias en culturas descoñecidas).

Tema 4: ambiente

Italiano plus A2-B2, percorso 3 "Scienze agrarie, alimentari e biotecnologie"

L'Italia sostenibile, *Nuovo Espresso 4*, unidade 8.

+ speciale Torino. La smart city.

Unidade desenvolta en Genially e Aula Moodle polos compañeiros do ano anterior sobre a sustentabilidade e mobilidade nas cidades do futuro e ancorada na renovación estrutural da cidade de Torino.

Autonomía cidadá, *le città ciclabili*, *green city*, transportes urbáns.

Lectura: *La speculazione edilizia*, Italo Calvino

Tema 5: viaxes

Bellissimo B2-C1, unidade 6 *Viaggi da Nord a Sud*

Protocolo para organizar un evento (*galatei II*)
Protesta relacionada cun evento: carta de protesta / reclamación
Reclamacións relacionadas con viaxes (*Chiaro B1*)

Tema 6: museos bizarros

Nuovo Espresso 4, In giro per i musei
Expresar acordo e desacordo.
Describir imaxes.
Narrar explicando datos concretos.
La voce degli animali
Concordancia de tempos.

Tema 7: traballo: a entrevista

Nuovo Espresso 4, Il mondo del lavoro, unidade 4.
Solicitudes formais no contexto laboral.
Consellos.
Expresarse en modo claro e elegante nun rexistro formal: entrevista de traballo.
Bellissimo B2-C1, unidade 8, *I mestieri del futuro*

Tema 8: medios de comunicación

Nuovo Espresso 4, E tu come fai a saperlo?
Programas de radio, entrevistas.
Falar das emocións.
Entrevistar a alguén.
Discurso directo e indirecto.

8.6. Materiais

La Nuova Prova Orale 1, Edizioni Edilingua (ISBN 978-88-31496-84-1)
La Nuova Prova Orale 2, Edizioni Edilingua (ISBN 978-88-99358-93-8)
In pratica. Esercizi di vocabolario e strutture della lingua Enea Calmanti - Chiara Calmanti, Guerra edizioni (ISBN:88-7715-877-8)
Il Balboni B1. Corso comunicativo di italiano per stranieri, Loescher ed. (ISBN: 9788820128388)
Italiano plus A2-B1/B2, Marco Mezzadri, Loescher ed. (ISBN: 978-88-201-0998-1).
Universitalia 2.0 B1/B2, Elena Carrara, Danila Piotti e Giulia De Savorgnani, Alma edizioni, (ISBN: 9788861825826)
Nuovo Espresso 4. Corso di italiano. Libro dello studente ed esercizi, Maria Bali, Alma edizioni, (ISBN: 978-8861825055)
Bellissimo B2-C1. Corso di lingua italiana, VVAA (varios autores), Eli (ISBN: 978-8853624963)
Chiaro! B1. Corso di lingua italiana, VVAA (varios autores), Alma ed. (ISBN: 978-8861822375)

Currículos estandarizados das principais entidades certificadoras do italiano, *PLIDA*, lecturas non adaptadas -literarias ou non-, radio podcasts, videos youtube, blogs de autor e entidades, páxinas comerciais on line, vocabularios monolingües en rede (Olivetti, Treccani), analóxicos ou visuais monolingües, newsletters elaboradas ou non pola docente, blog de aula, e todo tipo de materiais específicos aconsellados durante o curso.

9 NIVEL AVANZADO C1

9.2 Descrición do nivel

O C1 é o quinto nivel establecido no MCERL, correspondente ó usuario competente. No plan de estudos da EOI, o nivel C1 divídese en dous cursos: C1.1, de introdución, e C1.2 de ampliación e consolidación.

A definición do nivel, dos obxectivos xerais e específicos e dos criterios de avaliación para os 2 cursos deste nivel avanzado C1 son comúns, xa que non sería lóxico facer un corte limitativo destes aspectos cualitativos da materia. A diferenza entre os cursos baséase no tipo de avaliación: no nivel C1.1 a proba final do curso avalía o progreso acadado polo alumnado e á cualificación obtida nesta proba poderáselle engadir un 10% (produto das tarefas realizadas ao longo do curso, a participación e asistencia á clase). Mentres que o nivel C1.2 é un curso orientado á preparación da proba final de certificación. Afiánzase o aprendido no nivel anterior para consolidar así a competencia lingüística do alumnado. Ademais, disto, entrámbolos cursos, C1.1 e C1.2, abordarán competencias e algúns contidos léxicos e sintácticos diferentes. A concreción destas diferenzas aparece referida nos epígrafes correspondentes á temporalización coa temática e contidos de cadanseu nivel (véxanse puntos 9.5.1 e 9.5.2).

O alumnado que supere o **nivel avanzado C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ó nivel C1, o alumnado será capaz de:

Comprender, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado co acento.

Producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente

da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

Comprender a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

Producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

9.3 Obxectivos específicos

No relativo ás actividades de **comprensión de textos orais**, o alumnado deberá:

Comprender, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

Comprender información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

Comprender os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e

captar a intención do que se di.

Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

No relativo ás actividades de **produción e coprodución de textos orais**, o alumnado deberá:

Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

Participar nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

No relativo ás actividades de **comprensión de textos escritos**, o alumnado deberá:

Comprender instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

Comprender alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

Comprender a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

Comprender artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

Comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

No relativo ás actividades de **coprodución e produción de textos escritos**, o alumnado deberá:

Tomar notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

Escribir correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

Escribir correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

No relativo ás actividades de **mediación**, o alumnado deberá:

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

Levar a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

9.4 Competencias e contidos

Socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ó coñecemento e ós recursos para comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos enmárcanse nunha perspectiva intercultural e estarán integrados nas diferentes áreas temáticas.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a o seu proceso para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seus obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- **Autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- **Repetir, recoñecer e usar** modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...

- **Informarse**, se hai axudas visuais etc.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- **Tomar** conciencia do que quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa.

Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas nunha ampla variedade de rexistros:

Funcións ou actos de fala asertivos: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

Funcións ou actos de fala directivos: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

Funcións ou actos de fala expresivos: expresar admiración, lelicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

Discursivos

Fan referencia ó coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que permiten producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten cohesión interna. Traballárase a seguinte tipoloxía de textos:

Orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gubernamentais

Escritos:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas

- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas para acadar a súa intención comunicativa.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.

Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

9.5 Criterios de avaliación

No tocante ás **actividades de comprensión de textos orais**, o alumnado:

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

No tocante ás **actividades de produción e coprodución de textos orais**, o alumnado:

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos dos interlocutores de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos interlocutores.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os receptores e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua.

No tocante ás **actividades de comprensión de textos escritos**, o alumnado:

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

No tocante ás **actividades de produción e coprodución de textos escritos**, o alumnado:

Escribe textos complexos extensos e domina recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos esporádicos.

Adapta os textos ó propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

No tocante ás **actividades de mediación**, o alumnado:

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios da cultura italiana.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución.

Mínimos esixibles para o nivel C1

Obxectivos comunicativos xerais:

Seguir sen esforzo conversas, debates, programas de tv, conferencias, etc.

Comprender textos literarios, artigos especializados, instrucións técnicas complexas, etc., captando as diferenzas de estilo.

Expresarse de xeito fluído e espontáneo aparentemente sen ter que buscar as palabras.

Usar estratexias para evitar circunloquios sen alterar o fluxo do discurso.

Usar a lingua de xeito eficaz e flexible.

Argumentar de xeito articulado, proporcionando exemplos e motivacións apropiadas.

Integrar eficazmente as propias accións coas dos interlocutores.

Presentar descricións e exposicións claras e articuladas sobre temas complexos, desenvolvendo puntos específicos e concluíndo de xeito apropiado.

Expresar e recoñecer a dimensión afectiva incluso cando non está explícita.

Producir textos de diverso xénero cunha estrutura cohesionada e desenvolveos con coherencia.

Escribir sobre temas complexos en cartas, ensaios, relacións, subliñando os puntos importantes e adaptando o estilo aos destinatarios.

Estratexias comunicativas:

Planificar o que quere dicir e seleccionar as expresións lingüísticas tendo en conta o efecto que terá sobre o destinatario.

Usar circunloquios e paráfrases para superar lagoas lexicais e estruturais.

Evitar dificultades comunicativas reformulando o que quere dicir, sen interromper o fluxo da conversa.

Usar indicios contextuais, gramaticais e lexicais para inferir actitudes, estados de ánimo e intencións e anticipar o seguinte.

Escoller expresións adecuadas para tomar a palabra e introducir as súas observacións ou para gañar tempo e non ceder a quenda de palabra.

Contribuír á conversa integrando con habilidade as propias intervencións coas dos interlocutores.

Formular preguntas para profundar e comprobar se entendeu ben o que o interlocutor quería dicir e pedir que lle aclaren eventuais puntos ambiguos.

Tomar a palabra e introducir as propias observacións escollendo as expresións adecuadas.

Usar expresións adecuadas para gañar tempo e conservar a quenda de palabra mentres intenta reformular o que quere dicir.

9.5.1 Tipos e instrumentos de avaliación: véxase capítulo 5 Avaliación, p. 19

9.5.1. PERIODIZACIÓN AVANZADO C1.1.

Este ano non temos oferta educativa de C1.1.

Porén en pro de axustar o traballo da aula e os métodos ao nivel da proba unificada do ciclo C1 este departamento promove este ano a pilotaxe da seguinte periodización, elaborada polo departamento da EOI de A Coruña, coma guía de referencia

Os obxectivos e contidos de C1.1. desenvolveranse a partir de 8 unidades do libro de texto Espresso 5 dividíndose a secuenciación en dous cuatrimestres:

- 1. Quanta Italia c'è in te? (unidade 1 de Espresso 5)
- 2. La nuova letteratura (unidade 2 de Espresso 5)
- 3. La grande bellezza (unidade 4 de Espresso 5)
- 4. Parole in musica (unidade 6 de Espresso 5)

- 5. Quanto sei figo? (unidade 7 de Espresso 5)
- 6. Tutti all'Opera! (unidade 8 de Espresso 5)
- 7. Donne d'Italia (unidade 9 de Espresso 5)
- 8. L'italiano (mi cambia) (unidade 10 de Espresso 5)

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende o 25 de setembro ata o 31 de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as primeiras catro unidades do Espresso 5, adicando o primeiro mes ao repaso de contidos do curso anterior e á finalización de unidades esenciais - que non se teñan chegado a tocar no curso precedente - para o andamento da materia.

O segundo cuadrimestre dará inicio en febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre deberanse impartir as cinco derradeiras unidades do libro de texto Espresso 5.

Contidos para o primeiro cuadrimestre do curso C1.1

Contidos socioculturais e sociolingüísticos.

- Trazos culturais da interacción social en Italia.
- Panorama histórico básico da literatura italiana.
- A nova literatura italiana. Nomes e características principais.
- Panorama histórico básico da historia da arte italiana. Escolla mínima de artistas e obras.

Funcionais.

- Comunicar nun rexistro coloquial.
- Expresar o énfase en base ao contexto.
- Defender o propio punto de vista e por en dúbida o contrario. Rebater.
- Entender textos de narrativa contemporánea.
- Evitar a vulgaridade.
- Expresar intencións, consellos e desexos.
- Recoñecer algunhas variantes rexionais do italiano.
- Expresar e comprender a ironía.
- Expresar emocións, ordes, concesións, esperanzas, dúbidas, hipóteses.
- Construír descriucións e narracións cohesionadas e precisas dun evento ou

unha serie de eventos.

- Expresar previsións e intencións futuras dende o punto de vista do pasado.
- Lamentarse por feitos pasados, presentes ou futuros.
- Intensificar elementos da frase mediante o uso de certos adxectivos.

Sintácticos

- A formación do superlativo dos adxectivos mediante certos prefixos (arci-, stra-, super-, iper-)
- Os prefixos de intensidade en verbos e adverbios.
- O futuro simple e anterior en frases negativas.
- O subxuntivo en frasi dislocate. A frase escindida explícita e implícita. A frase Pseudo escindida. A frase escindida interrogativa e temporal.
- O trapassato remoto.
- A concordancia de tempos do subxuntivos no eixo da anterioridade.
- Os verbos defectivos do participio pasado.
- A concordancia de tempos co verbo principal en modo condicional.
- Usos rexionais dos verbos essere, stare, avere e tenere.
- O subxuntivo exhortativo, dubitativo e optativo.
- Usos do participio presente e pasado. O participio pasado nas subordinadas implícitas.
- Diferencias entre futuro simple e condicional composto para expresar a posterioridade.
- O subxuntivo imperfecto e trapassato rexidos por un verbo condicional composto.
- A posición do adverbio.
- As preposicións articolate.

Léxicos

- Termos ligados á música.
- Adxetivos específicos para describir pezas musicais.
- Xogos de palabras habituais en italiano.
- Palabras homógrafas.
- Léxico da moda.
- Expresións e adxectivos ligados á roupa.
- Léxico da maquillaxe.
- Expresións idiomáticas derivadas da xestualidade.
- Termos ligados ao teatro
- Termos ligados á ópera.
- Verbos específicos da linguaxe teatral.
- Termos do mundo do traballo.

- Vocabulario e expresións vencelladas á condición feminina.
 - Termos metalingüísticos.
 - Vocabulario da esfera do debate e a confrontación de opinións.
- Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos.
- A entoación axeitada para expresar ironía, dúbida, sorpresa e rabia.
 - A curva prosódica e o énfase. A entoación das frases escindidas.
 - Fonética básica das principais variantes rexionais do italiano.

Contidos para o segundo cuadrimestre do curso C1.1

Contidos socioculturais e sociolingüísticos.

- A música popular en Italia. Breve contexto histórico.
- Usos sociais ligados á música popular.
- Escolla de autores e pezas. A música popular contemporánea, novas formas.
- O mundo da moda. O concepto de elegancia en Italia. O código do bo vestir.
- Xestos italianos.
- A ópera italiana. Panorama histórico básico.
- Usos culturais ligados á ópera e ao teatro. Como comportase de xeito socialmente aceptable.
- A muller en Italia na esfera pública e no ámbito doméstico. Presente e evolución histórica.
- Estereotipos do femenino en Italia. Norte e sur.
- A lingua italiana contemporánea. Evolución e novos modelos lingüísticos.

Funcionais.

- Decatarse de certas formas incorrectas presentes no italiano coloquial.
- Usar frases enunciativas e exclamativas.
- Expresar a causa e a temporalidade en modo implícito.
- Usar formas cristalizadas.
- Definir persoas polo aspecto.
- Describir un xénero musical.
- Expresar unha opinión ou preferencia.
- Comentar datos estadísticos.
- Expresar un concepto de forma redundante.
- Expresar unha opinión de maneira atenuada.
- Reforzar un concepto.
- Reproducir ordes proferidas no pasado e máis expresións relativas ao tempo.
- Usar formas idiomáticas para intensificar adxectivos.
- Falar da propia aprendizaxe lingüística.

Sintácticos.

- O Che polivante. O Che polivante de tempo e lugar.
- Os pronomes relativos dobres: Chi e Quanto.
- Variantes lingüísticas e estilísticas do período hipotético.
- Frases temporais e causais introducidas por Se.
- O infinitivo presente e pasado.
- O xerundio absoluto. O xerundio en formas cristalizadas. A posición do suxeito respecto ao xerundio.
- O infinitivo rexido polas preposicións Da e Per. Outros usos de Da.
- A dislocazione a destra.
- O período hipotético con hipóteses implícitas.
- O conectivos hipotéticos.
- O non pleonástico.
- Uso de "Non solo...,a anche" e "Non è che...però"
- Os superlativos idiomáticos.
- Verbos pronominais.
- O imperativo no discurso indirecto.

Léxicos.

- Termos ligados á música.
- Adxectivos específicos para describir pezas musicais.
- Xogos de palabras habituais en italiano.
- Palabras homógrafas.
- Léxico da moda.
- Expresións e adxectivos ligados á roupa.
- Léxico do maquillaxe.
- Expresións idiomáticas derivadas da xestualidade.
- Termos ligados ao teatro
- Termos ligados á ópera.
- Verbos específicos da linguaxe teatral.
- Termos do mundo do traballo.
- Vocabulario e expresións vencelladas á condición feminina.
- Termos metalingüísticos.
- Vocabulario da esfera do debate e a confrontación de opinións.

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos.

- Recursos entoativos ligados a formas do énfase (2).
- A pronunciación con raddoppiamento fonosintattico.
- Palabras homógrafas

9.5.2. Temporalización C1.2.

Os obxectivos e contidos do avanzado C1.2 desenvolveranse a partir das 5 primeiras unidades do libro de texto Nuovo Contatto C1:

O primeiro cuadrimestre comprenderá dende a primeira semana de outubro ata finais de xaneiro. Neste cuadrimestre impartiránse as tres primeiras unidades do libro de texto Nuovo Contatto C1.

O segundo cuadrimestre dará inicio a principios do mes de febreiro e rematará no mes de maio. Neste cuadrimestre deberanse impartir as unidades 4 e 5 do devantido libro de texto. Completaranse e reforzaranse contidos, competencias e habilidades estratéxicas especialmente útiles de cara á proba final.

Para que a docente responsable do curso poida valorar o adecuado progreso do alumnado e para que este, asemade, poida facer un seguimento do seu propio progreso e identificar os aspectos a mellorar na súa aprendizaxe, levarase a cabo unha avaliación inicial que determine o punto de partida de cada aprendiz individualmente e programaranse con periodicidade mensual tarefas dirixidas a verificar o seu nivel e progreso nas diferentes actividades de lingua das que será examinado o alumnado ao final do curso.

Contidos

Socioculturais e sociolingüísticos.

- a identidade nacional;
- rexións históricas: virtudes e defectos;
- o reflexo da sociedade na publicidade;
- a personalidade de Amedeo Modigliani e as características da súa obra;
- a vida nas provincias italianas;
- a influencia do inglés no italiano actual;
- vitalidade e consideración do dialecto na Italia de hoxe;
- o italiano da mocidade;
- dificultades do mercado de traballo; fuga de talentos;
- a importancia da tecnoloxía na sociedade actual;
- importancia da lectura;
- a arte actual.

Funcionais.

- Realización das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala, mediante os expoñentes escritos das devanditas funcións máis adecuados para cada contexto comunicativo específico,

tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros (familiar, informal, neutro, formal):

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipótese; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

- Funcións ou actos de fala relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse.

- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é á súa vez un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; esixir; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negar permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; lembrar algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos demais: aceptar e declinar unha invitación; agradecer; atraer a atención; compadecerse; consolar; dar a benvida; despedirse; expresar condolencia; felicitar; facer cumpridos; interesarse por alguén ou algo; convidar; pedir desculpas; presentarse e presentar a alguén; rexeitar; saudar; tranquilizar.

- Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

Gramaticais.

- repaso dos contidos correspondentes aos niveis anteriores;
- o pronome Ci;
- o pronome Ne;
- oracións comparativas: introdución do segundo termo con di, che, rispetto a;
- o imperfecto narrativo;
- o condicional de rumor da lingua xornalística;
- formas impersoais típicas da exposición: si impersonale, si passivante, verbos impersoais;

- a 'dislocazione' á esquerda (L'auto l' ho prestata a Rodolfo) e á dereita (L' ho prestata a Rodolfo, l'auto);
- o participio presente.
- o participio usado como frase relativa e temporal;
- a frase scissa: *È al nord che nascono le imprese;
- pronomes combinados con si impersonale (le si cerca);
- os verbos causativos: fare e lasciare;
- o subxuntivo usado en frases independentes: che vinca il migliore;
- o infinitivo substantivado.

Léxicos.

- os nomes en –ismo;
- a linguaxe da estatística; cifras e datos;
- a linguaxe da publicidade;
- a linguaxe da arte;
- os préstamos do inglés;
- a lingua dos mozos;
- o léxico relativo ao mundo do traballo; os contratos; a economía;
- a lingua da universidade;
- a literatura e os xéneros literarios;

Fonéticos, fonolóxicos e ortotipográficos.

-Recoñecemento e produción dos fonemas: Insistencia nos fonemas que presentan maior dificultade ([dz], [ts], [dʒ], [tʃ], [ʃ], [ʌ, [ŋ], [s], [z]).

-Fonemas vocálicos. Distinción e articulación dos fonemas vocálicos, nas distintas posicións: vogais abertas e pechadas. Pronuncia das vogais en ditongos ascendentes (piano, fiume, guerra) ou descendentes (voi, altrui, neurologo, cui), triptongos (guai, aiuole, irrequieto) e hiatos (corteo, caffeina, beato).

-Fonemas consonánticos: insistencia na distinción das distintas oposicións en relación co punto de articulación ([l] ([/]), a vibración das cordas vogais ([s] - [z], [f] - [v]) e o modo de articulación ([ʌ – [ŋ]; ([b] – [d]).

-Recoñecemento e pronuncia de semiconsoantes [j] e [w] e semivogais [i] e[ou] (yatch / jɔ t/, whisky /' wiski/).

-Acento de intensidade e recoñecemento das sílabas tónicas con especial atención aos casos que ofrecen máis dúbida (* baía/ báia; * oási/ óasi; atmosfera/ atmosféra). Recoñecemento e pronuncia de sílabas tónicas con e sen acento gráfico.

-Pronuncia das palabras estranxeiras frecuentes do nivel (budget).

-Correspondencia entre as unidades melódicas e a puntuación: entoación correspondente aos dous puntos, o punto e coma, os puntos suspensivos e a paréntese.

- consoantes dobres: insistencia na pronuncia ([r] - [rr]).
- A intensificación sintáctica despois de monosílabos, de polisílabos agudos, e dalgúns palabras graves (come, dove, qualche, sopra, ogni), despois dos monosílabos que levan acento gráfico (è, già, dà, nè, può); despois dalgúns monosílabos non acentuados (e, fa, fra, ha, ho, ma, etc.).
- Recoñecemento da relaxación articulatoria en linguaxe familiar e coloquial.
- Ampliación da elisión. Uso escrito e falado. Casos de libre elección (M'ha detto; Se n'è andato).
- Ampliación do apócope. Uso escrito e falado. Apócope silábico e vocálico (or ora). Uso facultativo (andar/ andare via; siam/ou stati).
- A división en sílabas: grupos consonánticos inseparables: dígrafos e trígrafos (ra- gio- ne; bre- scia-no), ditongos (fiam- ma; feu- do).
- Entoación: identificación e produción dos patróns característicos da entoación enunciativa (afirmativa e negativa), distinguindo tipos de aseveración (ordinaria, categórica, con insinuación, con incerteza); da entoación interrogativa xeral.
- Entoación para as funcións comunicativas traballadas. Modulacións propias defuncións comunicativas específicas: alegría, ameaza, furia, humor, ironía, sorpresa, tristeza.
- Correspondencia entre a distribución de pausas e a estrutura sintáctica e informativa.
- Grupos fónicos: acentos – atonicidad e entoación. Ritmo e pausas.
- Categorías gramaticais tónicas (verbos, substantivos, adxectivos, pronomes tónicos...) e átonas (artigos, preposicións, conxuncións...). Agrupacións que normalmente non admiten pausas (artigo e nome; nome e adxectivo; adxectivo e nome; verbo e adverbio; verbo e pronome átono; adverbio e adxectivo; adverbio e adverbio; formas verbais compostas e perífrases verbais; a preposición co seu termo).

Ortografía

- Ampliación da correspondencia entre fonemas e letras con especial atención aos dígrafos e trígrafos. Casos nos que o grupo gli- non é trígrafo (glicerina, glicine, negligenza). Casos de i sen valor aparente: Consolidación de plurais: 1ª persoa plural de indicativo e subxuntivo (seguiamo), 2ª persoa plural do subxuntivo (seguiate), nalgúns palabras (specie, effigie, superficie, terminación - ciente).
- Ampliación de signos auxiliares: acentos, apóstrofo.
- Consolidación dos usos principais doutros signos de puntuación: puntos suspensivos, interrogación, exclamación, paréntese, guión, raia, comiñas, apóstrofo.
- Usos discursivos dos distintos tipos de letras (normal, cursiva, negriña, subliñado).
- Expresión de cifras e números: casos de escritura das cantidades en cifras, e casos de escritura en letras.
- División de palabras a final de liña: grupos vocálicos e consonánticos separables e inseparables; separación de palabras con prefixos e sufixos.

-Uso das maiúsculas iniciais en nomes de individuos, realidades únicas, lugares xeográficos, nomes de entidades, obras artísticas, literarias, musicais. A maiúscula de respecto (RingraziandoLa, Le porgo distinti saluti).

-Acentos. Regras xerais de acentuación gráfica.

-Abreviaturas, siglas e símbolos do nivel (CGIL, CISL, PDL, CNR).

Temporalización das unidades.

A temporalización das unidades coas que se traballará será a seguinte:

Primeira unidade: Italia in controluce. Setembro-Outubro

Segunda unidade : Ritratti. Outubro-Novembro

Terceira unidade : Italiano in movimento. Decembro-Xaneiro

Segundo cuadrimestre:

Cuarta unidade : Economia e lavoro. Febreiro-Marzo

Quinta unidade: Cibo per la mente. Abril-Maio

De ser posible intentarase integrar algún contido presente nas unidades 6-10 do libro de texto que estea directamente relacionado cos temas a tratar neste curso , para poder repasar a maior parte de contidos lingüísticos e temáticas posible antes da finalización do curso e afrontar certos contidos coa profundidade que require o nivel C1.

Materiais recomendados para todo o nivel C1:

Manuais:

Nuovo Contatto C1. Corso di lingua e civiltà per stranieri, R. Bozzone Costa, M. Piantoni, E. Scaramelli, C. Ghezzi, Loescher, 2018. Especificado como material den referencia propio do C12 en canto manifesta un nivel textual mais cercano ao marcado pola proba unificada.

Nuovissimo Progetto Italiano 4. Corso di lingua e civiltà italiana C1, Telis Marin – Maria Angela Cernigliaro, Edilingua, 2020. As propostas escritas deste material son o punto de referencia de nivel pola sua cercanía estrutural y contitutistica ao nivel demostrado polas probas unificadas.

Nuovo Espresso 5, Alma Edizioni

Material que se aconsella mercar en caso de querer soporte físico:

La prova orale 2, Edilingua. Un conxunto de lecturas adecuadas en enriquecidas que acordan perfectamente con o nivel de textos das probas finais de nivel e que facilitan enormemente o traballo sobre a mediación,

Dizionario analogico della lingua italiana, Garzanti. Utilísimo no caso de querer elaborar textos escritos.

Haberá unha copia do material en biblioteca para facilitar o acceso e emprego do mesmo por parte do alumnado en caso de optar por non mercalo.

Dicionarios:

Il Nuovo De Mauro: <https://dizionario.internazionale.it/>

Treccani: <http://www.treccani.it/vocabolario>

Sabatini – Coletti: https://dizionari.corriere.it/dizionario_italiano/

Garzanti: <https://www.garzantilinguistica.it/ricerca/?q=dizionario>

Gabrielli: http://www.grandidizionari.it/dizionario_italiano.aspx

Gramáticas:

Pietro Trifone e Massimo Palermo, Grammatica italiana di base, Zanichelli

Giuseppe Patota, Grammatica di riferimento della lingua italiana per stranieri, Le Monnier.

Grammatica di base della lingua italiana. Zanichelli.

Outros materiais:

Elettra Ercolino, T. Anna Pellegrino, *L'utile e il dilettevole, vol. I*, Loescher editore

Elettra Ercolino, T. Anna Pellegrino, *L'utile e il dilettevole, vol. II*, Loescher editore

Enea Calmanti e Piero Calmanti, *In pratica*, Guerra edizioni

Sonia Bailini, Silvia Consonno, *I verbi italiani*, Alma edizioni

Alessandro De Giuli, *Le preposizioni italiane*, Alma edizioni

Ciro Massimo Naddeo, *I pronomi italiani*, Alma edizioni

Serena Ambroso – Giovanna Stefancich, *Parole. 10 percorsi nel lessico italiano*. Esercizi guidati, Bonacci editore

Federica Colombo, *Attiva il lessico A2 – B1*

Juana Cattunar, *Attiva il lessico, B1 – B2*

Roberto Tartaglione, *Le prime 3000 parole italiane*. Con esercizi. Livello Intermedio / Avanzato, Alma edizioni

Per modo di dire. Dizionario dei modi di dire italiani, Eli ed.

Libros de lectura, revistas e publicacións periódicas, recursos en rede, películas e material audiovisual recomendados pola docente ao longo do curso.

10 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

1. Entrevistas, charlas e debates - e espectáculos ou encontros de ser o caso - con nativos italianos.

Entrevistas, charlas e debates con outros aprendentes ou docentes da lingua italiana.

2. Difusión e fomento da participación en actividades organizadas por outras escolas de idiomas, ou entidades que traballen no campo do italiano.

3. Propiciar a apertura de blogs no alumnado co obxectivo de fomentar a aprendizaxe colaborativa e abrir espazos comúns onde empregar a lingua.

4. Mostra analóxico dixital sobre as verduras e as súas propiedades. Novembro, decembro e xaneiro.

5. Laboratorio fotográfico: Pasqua fotografica

- Capacitar aos alumnos na xeración dun banco fotográfico liberado para o seu autoemprego na aula
- E educar no emprego de licenzas *creative commons* e no respecto aos dereitos de autor

6. Elaboración dun ficheiro de viaxes